

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 16 de febreiro de 2011 pola que se incorporan catro novos procedementos ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2º.2 e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán,

DISPÓÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Inclúense no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e quedan pois, habilitados cos efectos previstos no seu artigo 5º.1, os seguintes procedementos:

IN609U. Rexistro de empresas recargadoras de botellas de equipamentos respiratorios autónomos. Declaración responsable.

IN609V. Rexistro de empresas inspectoras de botellas de equipamentos respiratorios autónomos. Declaración responsable.

IN609W. Rexistro de empresas fabricantes de pés de encravamento ou calquera outro elemento estrutural dun guindastre torre. Declaración responsable.

IN609X. Rexistro de empresas recargadoras de gases. Declaración responsable.

Segundo.-O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo:

<http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixa a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O artigo 1º do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, establece que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade, consonte o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, nos termos sinalados na Constitución española. O artigo 4º do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, sinala que o conselleiro é a autoridade superior da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e con tal carácter está investido das atribucións enumeradas no artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

O Plan de Ordenación do Litoral (POL) é un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto, de conformidade co artigo 2º da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establece no seu artigo 2º que o Plan Sectorial de Ordenación do Litoral a que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terá a natureza dun plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Así mesmo, este artigo establece que o procedemento de aprobación do Plan de Ordenación do Litoral se axustará ao disposto nos artigos 5º bis e 15º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

De conformidade co artigo 15º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia acordar a iniciación do procedemento da súa elaboración.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establece no seu artigo 5º que, de conformidade co disposto nos artigos 3º e 4º da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de deter-

minados plans e programas no ambiente, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica (AAE) os instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio.

O proceso de AAE do POL comeza coa elaboración do documento de inicio, que tivo entrada o 2 de febreiro de 2009 na Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da daquela Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, iniciándose o procedemento nº 816/2009. Tras o período de consultas, elabórase o documento de referencia que, de conformidade co que se dispón no artigo 9º da Lei 9/2006, do 28 de abril, guiará o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, remitido o 3 de abril de 2009 pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. O órgano promotor elaborou o informe de sustentabilidade ambiental (ISA), de acordo co que se dispón no artigo 8º da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, seguindo os criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental. Redactado o Plan de Ordenación do Litoral, e antes da súa aprobación inicial, someteuse a informe das corporacións locais no seu ámbito de aplicación, das deputacións provinciais respectivas, e das entidades de carácter supramunicipal con incidencia na área, trámite para o cal se establece na lei o prazo de dous meses, dando cumprimento ao establecido no artigo 15º.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

De conformidade co que se establece no artigo 15º.3 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, por Orde do 23 de xullo de 2010, do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº 145, do 30 de xullo), aprobouse inicialmente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, incluíndo o seu informe de sustentabilidade ambiental, e acordouse sometelo a información pública con todos os documentos que o integran, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, así como a fase de consultas prevista no documento de referencia, durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos establecidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, co fin de que presentasen as alegacións e os informes que considerasen convenientes.

Conforme prevé o artigo 15º.3 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, solicitouse con data do 30 de xullo de 2010 informe da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, que o emitiu con data do 20 de decembro de 2010.

Finalizado o período de consultas e información pública, e analizadas as alegacións e suxestións pre-

sentadas, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realizou as modificacións procedentes e elaborou o texto refundido coas achegas e alegacións consideradas. Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 12º da Lei 9/2006, do 28 de abril, remitiu ao órgano ambiental a documentación completa, así como a proposta de memoria ambiental. O órgano ambiental elaborou a correspondente memoria ambiental do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

De conformidade co artigo 5º bis da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas acordou, mediante a Orde do 14 de maio de 2009, a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (DOG nº 94, do 15 de maio). Estas medidas de aplicación nos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, foron de aplicación durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desa orde (o mesmo día da súa publicación) ou ata a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral ou a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, do 30 de decembro.

En consecuencia, a aprobación inicial do POL por Orde do 23 de xullo de 2010, comportou o levantamento da suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral, acordada pola orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 14 de maio de 2009. Igualmente, a Orde do 23 de xullo de 2010 acordou no seu punto sexto a suspensión de todas as actuacións cuxo desenvolvemento ou implantación contradiga os valores do solo postos de manifesto neste plan territorial integrado, en concreto, as relativas aos ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado, solos de reserva urbana, urbanizables, rústicos aptos para o desenvolvemento urbanístico, e solos aptos para urbanizar, cuxo grao de compatibilidade co Plan de Ordenación do Litoral de Galicia sexa grao 2, grao 3 e grao 4, recollidos como tales no anexo da orde. Engádesse que as medidas de suspensión a que se refire o punto sexto desta orde serán de aplicación nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ata a aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral, de conformidade co disposto no artigo 5º bis da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Por Orde do 30 de decembro de 2010 apróbase provisionalmente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, incluíndo a súa memoria ambiental, e adóptanse medidas cautelares, de xeito que a aprobación provisional do POL referida anteriormente supón o

mantemento da suspensión, acordada pola Orde do 23 de xullo de 2010, de todas as actuacións cuxo desenvolvemento ou implantación contradiga os valores do solo postos de manifesto neste plan territorial integrado, en concreto, as relativas aos ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado, solos de reserva urbana, urbanizables, rústicos aptos para o desenvolvemento urbanístico, e solos aptos para urbanizar, cuxo grao de compatibilidade co Plan de Ordenación do Litoral de Galicia sexa grao 2, grao 3 e grao 4 recollidos como tales no anexo da Orde do 23 de xullo de 2010, coa excepción seguinte: a aprobación provisional do POL naqueles ámbitos que se atopan nunhas circunstancias que os fan compatibles co Plan de Ordenación do Litoral, atendendo a circunstancias relevantes de interese xeral, de forma motivada, deixa sen efecto, parcialmente, as medidas cautelares previstas na Orde do 23 de xullo de 2010, levantándose a dita suspensión nos supostos recollidos no anexo a esta orde, dada a súa compatibilidade co POL. Engade a orde que as medidas de suspensión serán de aplicación nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ata a aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral, de conformidade co disposto no artigo 5º bis da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

O Plan de Ordenación do Litoral foi sometido tamén a intervención do Parlamento de Galicia e por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia creouse unha comisión non permanente especial de seguimento e evolución do Plan de Ordenación do Litoral. O obxecto desta era abrir a participación dos grupos políticos e do conxunto dos axentes e a sociedade civil no proceso de elaboración do plan. Deste xeito posibilitouse ao conxunto dos grupos políticos coñecer de primeira man a situación do instrumento e posibilitouse a presentación de achegas e suxestións ao mesmo.

Desde o principio o plan foi participado e transparente, con vontade de pervivencia no tempo e de aplicabilidade nas distintas políticas públicas e privadas con implicación no territorio das zonas costeiras de Galicia. A comisión reuniuse en 11 ocasións e ela compareceron unha vintena de persoas representantes de institucións relacionadas co ámbito así como expertos de recoñecido prestixio. O 25 de xuño de 2010 a comisión acadou un acordo na maior parte dos ámbitos, proponendo a inclusión e o tratamento dunha serie de cuestións que xa foron recollidas no documento de aprobación inicial.

O artigo 117º.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, establece que, concluída a tramitación do plan ou normas de que se trate e inmediatamente antes da aprobación definitiva, a Administración competente dará traslado á do Estado do contido

daquel para que no prazo de dous meses se pronuncie sobre el, informe que a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar emitiu con carácter favorable o 20 de xaneiro de 2011.

O POL é un documento necesario para a consecución dun marco normativo estable que protexa de forma efectiva o litoral da comunidade autónoma. Basicamente os obxectivos do POL son dous:

a) Establecer un marco de referencia para a ordenación urbanística da zona litoral mediante un conxunto de criterios, principios e normas xerais.

b) Aprobar a normativa de conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Para a consecución destes obxectivos é necesario o establecemento dun novo modelo territorial que identifique e caracterice as distintas áreas e elementos, estableza as relacións entre eles, determine os criterios, principios e normas xerais para cada un destes elementos e concrete o réxime de usos dos ámbitos con valores recoñecidos.

Este plan é un traballo de planificación que integra as políticas de protección, ordenación e xestión do territorio e da paisaxe. O punto de partida son os 2.555 quilómetros de costa, que inclúen 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de perímetro costeiro. O plan estende a súa área de xestión a máis de 215.000 hectáreas, que supoñen ou 7,3% da superficie de Galicia.

O POL establece unha estrutura composta por distintos elementos que se superpoñen e complementan para poder recoller as particularidades de cada ámbito, configurando desta forma un plan feito á medida de Galicia.

Unha das análises máis recentes acometidas foi a tipificación dos distintos tipos de asentamentos en función da súa relación co modelo de organización do territorio pasado e actual. Para comprender o modelo de ocupación actual procedeuse á caracterización dos asentamentos en distintos grupos: asentamento de carácter fundacional e núcleos de identidade do litoral, desenvolvemento periférico, asentamento funcional, agregado urbano, nova agrupación e os ámbitos de recualificación.

Para poder levar a cabo a caracterización e a ordenación detallada, elaborouse a cartografía específica na cal se inventariaron e caracterizaron os hábitats asociados ás dinámicas intermareais (chairas e marismas), todo o universo de xeiformas recoñecidas, cantís, areais, dunas, lagoas e zonas húmidas costeiras. Do mesmo xeito cartografáronse os espazos incluídos na Rede de Espazos Naturais Protexidos así como aqueles ámbitos recoñecibles como taxons prioritarios. A exhaustiva análise da diversidade xeomorfolóxica do litoral galego realizada permitiu identificar toda unha serie de espazos de inte-

rese xeomorfolóxico ao longo da xeometría costeira. Do mesmo xeito identificáronse os procesos naturais de erosión mariña cartografando a denominada área de dinámica litoral. Doutra banda realizouse un traballo de identificación do patrimonio cultural presente no espazo costeiro.

Desde o punto de vista da sustentabilidade, fíxanse criterios, principios e normas xerais que posibilitan a adecuación dos plans urbanísticos ao modelo territorial do POL.

Visto canto antecede, e de acordo co disposto nos artigos 15°.5 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e 37° da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de dez de febreiro de dous mil once,

DISPOÑO:

Artigo único.-*Aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.*

Primeiro.-Apróbase definitivamente o Plan de Ordenación do litoral de Galicia, de conformidade coa Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, incorporándose as determinacións normativas do plan como anexo a este decreto.

Segundo.-En cumprimento do disposto no artigo 14°.3 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, as determinacións relativas á incidencia do POL nos plans urbanísticos xa existentes recóllense no título VI das determinacións normativas do POL.

Terceiro.-A aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia comporta a extinción da suspensión cautelar acordada na Orde do 30 de decembro de 2010, de conformidade co disposto no artigo 5° bis.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de febreiro de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO

Determinacións normativas do Plan de Ordenación do Litoral

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1°. -*Obxecto.*

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (en diante, o POL ou este plan) ten por obxecto, no contexto do marco xurídico recollido no capítulo I do título I da memoria e, de conformidade co establecido na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, así como co acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2007, establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

Artigo 2°. -*Funcións.*

1. O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia persegue as seguintes funcións integradas nos seus propios obxectivos:

a. A concreción do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerando no seu conxunto o litoral como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor, que debe ser debidamente protexido desde unha perspectiva integral, dentro dunha política de desenvolvemento sustentable.

b. A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.

c. Sinalar aqueles ecosistemas litorais e as unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifiquen a súa conservación e protección.

d. A protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.

e. Fixar os criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación racional dos usos do solo baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade.

f. Elaborar unha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular os usos e actividades que localizar no litoral, desde a perspectiva da necesaria

protección e conservación das súas características e valores naturais ou culturais.

g. Establecer un marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sustentabilidade dos recursos naturais do litoral e a mellora da súa paisaxe.

h. Lograr unha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as administracións (estatal, autonómica e local) que interveñen sobre o litoral e o seu contorno terrestre, baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor.

i. Constituír a base para a elaboración dun programa coordinado de actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación, restauración e valorización dos ecosistemas e a paisaxe.

2. Ademais dos obxectivos e dos contidos que lle son propios, establecidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, neste plan, de conformidade cos artigos 2º.2.d) e 5º.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, intégrase plenamente a protección, xestión e ordenación da paisaxe na ordenación territorial mediante as unidades de paisaxe identificadas. Así, as determinacións que establezan os catálogos de paisaxe litoral, e as directrices de paisaxe que os desenvolvan, integranse como un marco complementario deste plan, en canto que son os instrumentos previstos na Lei 7/2008, para asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

Artigo 3.-*Ámbito de aplicación.*

1. O Plan de Ordenación do Litoral abranguerá o territorio de todos os municipios costeiros relacionados no anexo da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia incluído dentro das vacías vertentes definidas conforme a metodoloxía recollida na memoria e reflectida nas series cartográficas do POL.

2. Non será de aplicación na parte do termo municipal non incluído na citada delimitación, nin nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor ou que adquiran esa clasificación en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión daquel. Tampouco o será naqueles solos que no momento da entrada en vigor deste plan finalizasen a tramitación do instrumento de xestión.

3. Non obstante, en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión do planeamento urbanístico, si será aplicable aos solos

que este clasifique de núcleo rural e que estean incluídos nas áreas de recualificación identificadas no POL, así como naquelas que, de ser o caso, determine o planeamento urbanístico.

4. A cartografía do modelo de xestión actualizarao de oficio a consellería competente, en función dos cambios de clasificación do solo que sexan consecuencia de alteracións do planeamento urbanístico ou da aprobación de deslindes do dominio público marítimo-terrestre, sen que iso supoña modificación do plan.

5. No caso dos deslindes do dominio público marítimo-terrestre os datos, tras a súa petición, facilitaranos os Servizos Periféricos de Costas da Coruña, Lugo e Pontevedra. En calquera caso, deberá terse en conta que, ante calquera desaxuste, no que respecta á representación das liñas da ribeira de mar, deslinde ou servidume, prevalecerán os reflectidos nos expedientes de deslinde oficiais da Demarcación de Costas.

Artigo 4º.-*Eficacia.*

1. As determinacións deste plan, en canto que plan territorial integrado, conforme o establecido no artigo 14º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, terán forza vinculante e vixencia indefinida.

2. De conformidade co artigo 14º.3 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e o artigo 2º.2 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e litoral de Galicia, e sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias, as determinacións deste plan serán directamente aplicables e prevalecerán sobre as do planeamento urbanístico, nos aspectos e do modo que se indica nesta normativa.

3. De acordo co artigo 45º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o planeamento urbanístico está vinculado xerarquicamente a este plan, e deberá redactarse en coherencia co seu contido.

Artigo 5º.-*Réxime.*

1. As determinacións establecidas neste documento non implican clasificación urbanística do solo. Serán os concellos os que, no momento da redacción, revisión ou modificación do seu planeamento clasifiquen o solo de conformidade coas categorías establecidas pola lexislación urbanística e en coherencia con este plan. Para iso analizaranse os contidos da memoria, das fichas das unidades de paisaxe e da serie cartográfica de modelo territorial, así como a de usos do solo e elementos para a valoración xunto con esta normativa.

2. As determinacións contidas neste plan establécense no marco da ordenación territorial e entén-

dense sen prexuízo doutras máis restritivas que puidesen vir impostas pola lexislación sectorial, así como polo planeamento municipal. En concreto, a normativa prevista neste instrumento de ordenación do territorio integrarase con especial atención no contexto da Lei de costas, que será de directa aplicación na medida en que implique un réxime máis restritivo que o previsto neste plan.

3. De conformidade co establecido no artigo 5º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, os plans e proxectos sectoriais estableceranse no marco das determinacións contidas noutros instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, polo que as súas determinacións recollerán os criterios establecidos neste Plan de Ordenación do Litoral. En particular, respectaranse as seguintes regras:

a. Excepcionalmente, polo interese do seu desenvolvemento no marco de políticas sectoriais da Comunidade Autónoma de Galicia e atendendo aos obxectivos da política sectorial, no ámbito do Plan de Ordenación do Litoral poderanse delimitar áreas para a localización de instalacións e dotacións que se desenvolverán por medio de plans e proxectos sectoriais dos recollidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

b. Estes plans e proxectos terán entre os seus fins, ademais da implantación das actividades que lles son propias, a reordenación daquelas existentes incompatibles co modelo previsto no Plan de Ordenación do Litoral, respectando os valores nel recoñecidos.

c. A aprobación destes plans e proxectos levará implícita a declaración de utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos de xeito concreto neles, para os efectos expropiatorios, de conformidade cos artigos 2º, 9º e 17º da Lei de expropiación forzosa, os artigos 11º.5 e 13º.4 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e a disposición adicional primeira de Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Artigo 6º.-*Coordinación administrativa.*

1. As determinacións contidas neste plan rexerán as actuacións das distintas administracións de carácter estatal, autonómico e local con incidencia no territorio do ámbito. Con tal fin, adoptarán como principio reitor da súa actuación o de colaboración interadministrativa, arbitrando os medios axeitados para que as demais administracións poidan participar nas decisións propias mediante informes, audiencias, documentos e, se é o caso, a través dos órganos de coordinación que poidan crearse.

2. En particular, en cumprimento do establecido no artigo 84º.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, a consellería competente en materia de urbanismo, logo de solicitude da administración municipal que o formulase, subministralle a esta, no prazo máximo de dous meses, canta documentación considere necesaria ou de interese para os efectos da adaptación do planeamento ao Plan de Ordenación do Litoral e coordinará canta información deba ser tida en conta para a redacción do instrumento de ordenación de que se trate e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

3. Promoveranse convenios de colaboración entre as distintas administracións, co obxectivo de executar proxectos de ordenación e restauración ambiental ou paisaxística conforme os criterios, principios e normas establecidos neste plan ou nos plans e proxectos de desenvolvemento que poidan aprobarse.

Artigo 7º.-*Interpretación.*

As determinacións recollidas nesta normativa deben interpretarse seguindo os criterios de:

1. Congruencia. Cos principios e obxectivos nel establecidos, así como coas determinacións da memoria.

2. Caución. No caso de que haxa varias interpretacións posibles escollerase aquela que mellor salvagarde a defensa dos valores descritos neste plan para cada un dos elementos do modelo territorial.

3. Precisión cartográfica. Na aplicación deste instrumento ao aproximarse a unha escala menor atenderase á cartografía máis precisa, actualizada e contrastada, salvo contradición manifesta coa de escala superior.

4. Escala. A escala deste plan é a territorial e presenta dúas aproximacións, unha relativa aos elementos do modelo territorial, expresados na cartografía de modelo territorial, e outra relativa aos usos pormenorizados, expresados na cartografía de usos e elementos para a valoración, así como nas fichas das unidades de paisaxe.

5. Complementariedade. A cartografía de usos e elementos para a valoración e a documentación recollida nas fichas das unidades de paisaxe, completa e motiva a cartografía de modelo territorial e, polo tanto, terá un carácter complementario, vinculante ata a existencia dunha cartografía máis precisa e contrastada, ao aproximarse a unha escala de maior detalle.

TÍTULO I
MODELO TERRITORIAL

CAPÍTULO I
ELEMENTOS E ESTRUTURA

Artigo 8º.-*Elementos do modelo.*

O modelo territorial previsto no Plan de Ordenación do Litoral supón a complementariedade, coordinación e relación de determinacións aplicadas a unha serie de elementos que responden ao seguinte esquema:

1. Áreas do Plan de Ordenación do Litoral en que se divide a totalidade do territorio abranguido dentro do ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral, constituídas por:

a. Áreas continuas:

1. Protección ambiental.

-Protección intermareal.

-Protección costeira.

2. Mellora ambiental e paisaxística.

3. Ordenación litoral.

b. Áreas descontinuas:

1. Corredores.

2. Espazos de interese.

3. Rede de Espazos Naturais de Galicia.

2. Asentamentos. Caracterizados do seguinte xeito:

a. Asentamento de carácter fundacional.

-Núcleos de identidade do litoral.

b. Desenvolvemento periférico.

c. Asentamento funcional.

d. Agregado urbano.

e. Nova agrupación.

-Ámbitos de recualificación.

3. Sistemas xerais territoriais.

CAPÍTULO II
DEFINICIÓNS

SECCIÓN PRIMEIRA
ÁREAS

SUBSECCIÓN PRIMEIRA
ÁREAS CONTINUAS

Son as zonas en que se divide a totalidade da superficie do ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral, articulándose en tres grandes áreas: a área de protección ambiental, a área de mellora ambiental e paisaxística, e a área de ordenación.

Artigo 9º.-*Protección ambiental.*

Recolle as áreas que, en atención ás súas características naturais singulares, así como aquelas relacionadas coas formas e procesos litorais, son merecedoras dunha especial protección. Estas agrúpanse pola súa vez en protección intermareal e protección costeira.

Artigo 10º.-*Protección intermareal.*

Son as áreas, recollidas na cartografía, en que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros, xerando formas asociadas ás dinámicas fluviomariñas, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

Engloba os espazos de elevado valor natural e ambiental que albergan as chairas intermareais, así como as marismas altas e baixas.

Artigo 11º.-*Protección costeira.*

Son as áreas, recollidas na cartografía, que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación.

Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico, en concreto, as xeiformas rochosas (acantilados, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas litorais.

Artigo 12º.-*Mellora ambiental e paisaxística.*

As áreas de mellora ambiental e paisaxística, recollidas na cartografía, abranguen o territorio comprendido entre a costa e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, incluíndo deste modo a paisaxe litoral próxima á costa.

Engloba, polo tanto, as chairas, as vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado ao mar. Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas cales se fai necesario conservar e, de ser o caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto.

Artigo 13º.-*Ordenación.*

As áreas de ordenación, recollidas na cartografía abranguen as planicies costeiras e abas ou montes de transición situados tras a fronte litoral nas cales, na maioría das ocasións, se poden atopar asentamentos ligados visualmente ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

SUBSECCIÓN SEGUNDA ÁREAS DESCONTINUAS

Defínense como áreas de carácter territorial que, en atención á súa especial fragilidade ou valor, ou por servir como elementos de conexión tanto desde o punto de vista natural como cultural, foron identificadas como espazos necesarios para o bo funcionamento do sistema.

Artigo 14º.-*Corredores.*

Os corredores, tomando como base territorial os cursos de auga, defínense como elementos lineais que garanten non só a conectividade biolóxica, senón os fluxos de auga, materiais e enerxía, colaborando a evitar a fragmentación da paisaxe. Están recollidos nesta categoría, entre outros, os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando como garantes da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental.

No Plan de Ordenación do Litoral foron cartografados de xeito orientador. O planeamento municipal poderá precisar a delimitación destes espazos, garantindo o cumprimento dos obxectivos expostos na memoria e mantendo a escala territorial da proposta, en coordinación cos organismos con competencia na materia e contando co informe favorable do órgano ambiental, no seo do procedemento de que se trate.

Do mesmo xeito, o planeamento municipal poderá establecer, no momento da súa revisión, outros corredores axeitados á escala e funcionalidade no municipio, co obxectivo de contribuír á mellora da conectividade ambiental e funcional, así como colaborar na consecución dunha infraestrutura verde.

Artigo 15º.-*Espazos de interese.*

Inclúense nesta categoría os espazos que posúen unha xeomorfoloxía singular, conteñen taxons endémicos, vulnerables ou de distribución reducida ou se recoñecen como paisaxes que inciden no imaxinario colectivo do litoral de Galicia.

Todos eles se recollen na cartografía do modelo territorial do Plan de Ordenación do Litoral e comprenden aqueles espazos que, con independencia da súa situación nunha ou varias das áreas do Plan de Ordenación do Litoral, posúen unhas características singulares e homoxéneas que os fan merecedores dun especial recoñecemento.

A particularidade de cada un deles está recollida, pola súa vez, na cartografía de usos e elementos para a valoración, así como nas fichas das unidades de paisaxe, e están identificados como espazos de interese paisaxístico (EIP), espazos de interese xeomorfolóxico (EIX) e espazos de interese de taxons (EIT).

Deste modo o planeamento municipal poderá delimitalos con estudos de maior precisión, así como identificar outros non recollidos neste documento. En calquera caso, deberá establecer para eles unhas determinacións específicas, en función da área do Plan de Ordenación do Litoral en que se localicen, atendendo ás determinacións establecidas nesta normativa.

Artigo 16º.-*Rede de Espazos Naturais de Galicia.*

Estas áreas descontinuas correspóndense cos ámbitos que conforman a Rede de Espazos Naturais recollidos nalgunha das categorías de protección establecidas no artigo 9º da Lei 9/2001 de Galicia, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Están recollidas na cartografía do Plan de Ordenación do Litoral e das unidades de paisaxe como mecanismo de valoración do litoral e, ao mesmo tempo, de coordinación administrativa das súas políticas específicas de protección.

SECCIÓN SEGUNDA ASENTAMENTOS

Tipifícanse os distintos asentamentos en función da súa orixe, estrutura, calidade urbana e cohesión social.

Artigo 17º.-*Asentamentos.*

Para os efectos deste documento diferenciáronse na cartografía do Plan de Ordenación do Litoral e nas fichas das unidades de paisaxe os seguintes tipos de asentamentos:

1. Asentamento de carácter fundacional. Recolle aqueles núcleos que, de carácter urbano ou rural, teñan unha orixe ou fundación antiga, ou aqueles

cuxa trama responde a esa formación e evolución progresiva no tempo e o espazo.

Dentro deste grupo, identifícanse os núcleos de identidade do litoral como aqueles asentamentos tradicionais, cuxa localización estratéxica no bordo costeiro e a súa vinculación co mar lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico.

2. Desenvolvemento periférico. Recolle os crecementos contiguos aos núcleos anteriores froito da súa evolución.

3. Asentamento funcional. Recolle núcleos que responden a implantacións no territorio máis recentes que as de carácter tradicional e que, non obstante, pola súa natureza (áreas produtivas, empresariais, educativas e de servizos) ou polos lazos de relación entre as edificacións, a súa morfoloxía, así como as dotacións e servizos con que contan, se configuraron como asentamentos integrantes do modelo de organización de territorio.

4. Agregado urbano. Recolle os continuos urbanos difusos que se desenvolven ao longo da costa case sen interrupción. Son áreas carentes de estruturas definidas, en que os núcleos fundacionais e as áreas vacantes aparecen como os principais elementos de identidade e oportunidade.

Diferéncianse os seguintes tramos: Vilagarcía-Cambados no Salnés. Pontevedra-Bueu e Portonovo-Pontevedra na Ría de Pontevedra. Os tramos Cangas-Moaña e Baiona-Vigo-Redondela na Ría de Vigo. E, finalmente, Ferrol-Pontedeume e A Coruña-Miño no Golfo Ártabro.

5. Nova agrupación. Recolle conxuntos de edificacións que responden a modernas implantacións no territorio diferentes das de carácter tradicional e que, non obstante, pola súa morfoloxía, os servizos e equipamentos con que contan, e a súa intensidade e relación entre as edificacións, non constitúen un núcleo de poboación atendendo a criterios de sustentabilidade.

6. Ámbitos de recualificación. Recoñecidas basicamente como novas agrupacións, son aquelas áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, desconformes co modelo territorial proposto neste plan.

Esta desconformidade responde, na maioría dos casos, á súa situación en espazos de valor e ao seu carácter illado. Son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia senón toda a costa europea nas últimas décadas.

As consecuencias da súa implantación son a fragmentación de hábitats, a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral, así como a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión

social. Os asentamentos están recollidos nas fichas das unidades de paisaxe do plan. Do mesmo modo, o planeamento municipal poderá identificar, cunha metodoloxía análoga, no momento da súa revisión, ámbitos desta natureza conforme os criterios descritos neste plan.

SECCIÓN TERCEIRA SISTEMAS XERAIS TERRITORIAIS

Artigo 18º.-*Sistemas xerais territoriais.*

Os sistemas xerais territoriais, recollidos na cartografía e fichas deste plan, comprenden as grandes infraestruturas significativas como elementos articuladores do territorio litoral. Dentro desta categoría englobanse as seguintes infraestruturas:

- a. Portos estatais.
- b. Portos autonómicos.
- c. Aeroportos.
- d. Ferrocarrís.
- e. Estradas de titularidade estatal e a rede de estradas autonómicas, así como aquelas outras de carácter estruturante do territorio con independencia da súa titularidade.
- f. Instalacións de saneamento e depuración de carácter territorial, e infraestruturas de abastecemento de auga.
- g. Infraestruturas competencia do Estado.

SECCIÓN CUARTA DETERMINACIÓN E REGULACIÓN

Artigo 19º.-*Determinación e regulación.*

Co obxectivo de facilitar a interpretación deste documento, para cada un dos elementos anteriormente descritos establécense as determinacións necesarias para a súa xestión, as cales se especifican a través das seguintes epígrafes:

- a. Criterios xerais: recolle os obxectivos de referencia para a implantación do modelo territorial proposto e son de aplicación na totalidade do ámbito.
- b. Principios xerais: recolle as pautas que seguir en cada un destes elementos.
- c. Normas xerais: recolle as condicións para a implantación dos distintos usos, con especial atención aos desenvolvementos urbanísticos no seu caso.

Estas determinacións aplicaranse de xeito integral para cada lugar, incorporando congruentemente os principios, criterios e normas xerais do elemento ou elementos do modelo que lle sexan de aplicación.

TÍTULO II
CRITERIOS XERAIS

Artigo 20º.-*Patrimonio natural.*

Fomentarase a valorización, así como a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor natural recollidos por este plan, así como daqueles outros recollidos polos seus instrumentos de desenvolvemento, o planeamento territorial e urbanístico.

O planeamento establecerá entre os seus obxectivos a consecución dunha malla de espazos libres, co fin de permitir o contacto da poboación coa natureza e as áreas rurais, conservar unhas condicións ambientais axeitadas e salvagardar as zonas con valores ecolóxicos, culturais e paisaxísticos compatibles coas actividades humanas, integrándose no modelo territorial proposto.

O planeamento deberá prever corredores ecolóxicos, tomando como punto de partida os xa recollidos por este plan, co obxectivo de crear un sistema de espazos libres que promova a permeabilidade do territorio, ademais de garantir a integridade funcional dos sistemas naturais e favorecer a conectividade ecolóxica.

A ordenación dos novos crecementos, así como a regulación de actividades que desenvolver susceptibles de producir unha transformación significativa do territorio, tales como as instalacións enerxéticas, acuícolas, infraestruturas (portuarias, vías de comunicación, liñas de produción e distribución de enerxía, etc.), ou industrias contaminantes, deberán realizarse atendendo á prevención e minimización dos efectos sobre calquera dos elementos ou espazos de valor recollidos neste plan.

As actuacións que supoñan transformacións do territorio evitarán a introdución e proliferación de especies foráneas e, na medida do posible, procurarán o control das xa introducidas, especialmente as identificadas como invasoras nos espazos de maior valor ambiental.

Artigo 21º.-*Patrimonio cultural.*

Asúmese como iniciativa estratéxica da ordenación do litoral a protección, conservación, mellora e valorización do patrimonio cultural costeiro de Galicia.

O planeamento deberá identificar, preservar, mellorar e valorizar o patrimonio cultural, material e inmaterial.

Fomentarase a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor cultural recollidos por este plan, así como daqueles outros recollidos polos seus instrumentos de

desenvolvemento, xa sexa do planeamento territorial ou urbanístico.

A ordenación dos novos crecementos, así como a regulación de actividades para desenvolver susceptibles de producir unha transformación significativa do territorio deberán realizarse atendendo á prevención e minimización dos efectos sobre calquera dos elementos de valor cultural recollidos neste plan.

O planeamento deberá adecuarse ás previsións contidas na lexislación sobre patrimonio cultural.

Artigo 22º.-*Sociedade e economía.*

O planeamento fomentará a cohesión social incorporando solucións que consideren a perspectiva dos colectivos vulnerables. Favorecerase o acceso da poboación á información e ás dotacións e servizos partindo do fortalecemento dos núcleos tradicionais, así como a racionalización do modelo de ocupación co obxectivo de mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Fomentarase a práctica de actividades económicas baixo modalidades ecolóxicas ou de produción integrada e potenciaranse os procesos que contribúan ao peche dos ciclos produtivos e á valorización económica dos recursos endóxeos. Neste sentido, trátase de fomentar estes criterios nas actividades que presentan unha maior potencialidade de aproveitamento dos recursos endóxeos en condicións de sustentabilidade, como son o sector pesqueiro-marisqueiro, o sector agrario, o sector forestal, o sector enerxético e o turismo nas súas diversas dimensións.

Promoverase unha distribución máis equitativa dos beneficios da explotación de recursos entre as actividades económicas desenvolvidas no litoral e as comunidades locais. Neste sentido, favorecerase a ocupación dos postos de traballo xerados nas ditas actividades pola poboación local, especialmente na implantación de actividades susceptibles de producir unha maior transformación do territorio como poden ser as instalacións enerxéticas, as acuícolas, as infraestruturas portuarias e as industrias, así como as dotacións turísticas.

Artigo 23º.-*Mobilidade.*

A mobilidade é unha das variables máis significativas para a mellora da calidade de vida e a cohesión social. Unha axeitada xestión desta contribúe á minoración do gasto enerxético, á racionalización das dotacións e servizos e á mellora da calidade atmosférica, ao mesmo tempo que se reduce a contribución ao cambio climático.

Polo tanto, desde o planeamento fomentaranse desenvolvementos que minimicen a necesidade da mobilidade, evitando os crecementos lineais e os dispersos, optando por estruturas de asentamento

que aumenten a compactidade, diversidade e complexidade de usos.

O planeamento considerará de xeito conxunto o deseño dos itinerarios de mobilidade, co obxecto de garantir a conexión e accesibilidade da poboación aos novos usos previstos ou os existentes, maximizando a eficiencia e calidade do desprazamento.

En todo caso, en función das características dos desprazamentos xerados (puntos orixe-destino, características dos usuarios persoas ou mercadorías, lonxitude, frecuencia, intensidade, etc.), a planificación e deseño de itinerarios de mobilidade deberán integrar as seguintes consideracións:

a. Os itinerarios deberán realizarse, na medida do posible, sobre a rede de vías e camiños existentes, evitando a fragmentación do territorio e priorizar aqueles de carácter tradicional, debido á súa maior integración co modelo de organización do territorio e o relevo.

b. Os itinerarios deberán prever o uso de medios alternativos ao vehículo privado motorizado en función das anteriores características dos desprazamentos e a perspectiva dos colectivos vulnerables, como son o transporte colectivo (público ou privado, viario ou ferroviario), en bicicleta ou peonil. Para tal efecto, preveranse espazos para a súa circulación e estacionamento especializado.

c. Ademais, os itinerarios deberán prever para as rías, e naqueles casos en que sexa viable, o uso do transporte marítimo de pasaxeiros.

d. Os itinerarios deberán seleccionar, na medida do posible, aqueles percorridos que acheguen calidade e benestar ao usuario, como aqueles que inclúen o paso ou o acceso visual a elementos con valores naturais, culturais e paisaxísticos, sempre que quede garantida a súa protección e funcionalidade, o que contribuirá ademais á súa valorización.

e. A planificación de infraestruturas deberá garantir condicións de seguridade e comodidade para os usuarios dos modos de transporte, especialmente dos non motorizados.

Fomentarase a planificación de itinerarios alternativos interurbanos de tal maneira que se integren o tecido urbano e o tecido rural.

A planificación de actuacións significativas en xeración de mobilidade, como grandes centros comerciais, centros de transporte, grandes centros produtivos ou crecementos urbanísticos de especial relevancia, deberá incorporar os estudos necesarios para que tanto a elección da súa localización como o deseño dos sistemas de infraestruturas garantan a conexión coa rede viaria existente, sen menoscabar significativamente a súa capacidade. Igualmente,

deberán garantir a súa accesibilidade a través de modos de transporte alternativos ao vehículo privado motorizado.

Artigo 24º.-*Enerxía.*

O planeamento inducirá, na medida do posible e conforme o modelo territorial proposto, a redución das necesidades enerxéticas. Do mesmo xeito, facilitará a implantación de fontes de enerxía renovables tomando como orientacións de partida as propostas recollidas no capítulo 4 do título III, Enerxía.

As infraestruturas de produción, distribución e transporte da enerxía deberán optimizar a súa integración no territorio. No caso das novas infraestruturas que deban planificarse, así como a reconversión, ampliación ou mellora das xa existentes, a súa localización ou percorrido deberán prever e evitar os posibles efectos negativos sobre o territorio. Para iso terán en conta os valores establecidos neste documento.

No referente ás infraestruturas existentes, procurase o seu tratamento de integración paisaxística con especial atención a aqueles espazos que pola súa significación e valor patrimonial, ambiental ou paisaxístico se considere necesario para o mantemento dos seus valores. Nestes casos, os planeamentos municipais procurarán o soterramento dos seus tendidos aéreos.

Artigo 25º.-*Cambio climático.*

O planeamento deberá considerar no deseño das súas estratexias de desenvolvemento as previsións e evidencias dos efectos do cambio climático, para poder adaptar a planificación aos posibles cambios na variación da cota de inundación, o retroceso da liña de costa e as variacións na frecuencia e intensidade de fenómenos naturais adversos tales como temporais, inundacións, etc.

Neste sentido, e co obxectivo de mitigar o cambio climático, é indispensable a integración dos criterios establecidos nesta normativa sobre mobilidade e enerxía.

Do mesmo modo, e desde o punto de vista do aproveitamento dos recursos naturais, teranse en conta os efectos do quecemento global.

Deberase incrementar a capacidade de resposta das especies e a súa resiliencia, como estratexia de actuación contra o cambio climático.

É necesario manter e mellorar a extensión e calidade das masas boscosas, co fin de colaborar na fixación de carbono, contribuíndo deste modo ás estratexias de redución de gases efecto invernadoiro.

Artigo 26º.-*Atmosfera.*

A planificación das actividades e infraestruturas emisoras de calquera tipo de contaminación atmosférica-físicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética, á hora da súa localización, deberá priorizar a prevención e minimización dos posibles efectos sobre a saúde da poboación e sobre a funcionalidade dos sistemas naturais, fronte ao establecemento de medidas correctoras, mitigadoras ou compensatorias.

Deberanse identificar as fontes de contaminación atmosférica existentes e realizar unha aproximación ao seu comportamento para que, por un lado, a planificación de novas actividades ou infraestruturas emisoras as consideren co obxectivo de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos; e por outro, se poidan establecer as medidas correctoras, mitigadoras ou compensatorias que correspondan. Neste sentido, o planeamento poderá adoptar, entre outras, as seguintes medidas:

a. Conservación e creación de masas forestais e espazos verdes, co obxectivo de mellorar a calidade do ambiente, en particular nas bandas limítrofes coas grandes infraestruturas de comunicación, eléctricas e outras, establecendo corredores verdes intermedios.

b. Establecemento de bandas de protección entre as zonas habitadas ou especialmente sensibles e os focos de emisión de calquera tipo de contaminación atmosférica, establecendo os usos, actividades e instalacións compatibles con esa situación.

c. Prevención e minoración, se é o caso, das perturbacións producidas polos focos emisores de contaminación lumínica na visión do ceo, procurando o mantemento das condicións naturais de luminosidade das horas nocturnas, en beneficio da funcionalidade dos sistemas naturais.

d. Asunción dos criterios xerais de ordenación sobre mobilidade, especialmente das consideracións referidas ao fomento de modos alternativos ao vehículo privado motorizado, para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 27º.-*Ciclo hídrico.*

A planificación hidrolóxica servirá de referencia para a planificación e a ordenación dos distintos usos e actividades no ámbito do litoral, co obxectivo de alcanzar unha utilización eficiente do recurso auga na súa concepción de ciclo, que permita manter as súas funcións ecolóxicas ao mesmo tempo que se cobren as necesidades de abastecemento, saneamento e depuración.

Fomentarase a máxima eficiencia nos sistemas de abastecemento e saneamento coa implantación das

tecnoloxías que mellor se adapten ás condicións de demanda do recurso e de xeración de augas residuais, tendo en conta especialmente o seu posible carácter estacional. Para iso, o planeamento deberá prestar especial atención ás seguintes consideracións:

a. Renovaranse as redes existentes con problemas de eficiencia.

b. Promoverase a implantación de sistemas e mecanismos de aforro do recurso, que son de obrigado cumprimento para as instalacións e edificios públicos.

c. O deseño do sistema de saneamento e drenaxe no seu conxunto deberá ser tal que teña en conta a capacidade de admisión do medio receptor, de maneira que a calidade, cantidade e frecuencia de calquera vertedura aos medios receptores cumpra cos requisitos establecidos pola lexislación vixente de control de emisións e se cumpran os obxectivos establecidos de calidade dos sistemas acuáticos.

d. No medio rural o sistema será preferentemente de tipo separativo, e non se permitirá a conexión de augas pluviais ás canalizacións de augas fecais. As solucións de abastecemento e saneamento adaptaranse ás características específicas de cada contexto, considerando a posibilidade de sistemas puntuais illados das redes xerais e de tecnoloxías de baixo custo, se for o caso.

e. No medio urbano o sistema será preferentemente de tipo separativo.

f. As redes deberán ter a suficiente capacidade para a evacuación da totalidade das augas residuais xeradas na zona atendida e das augas de chuvia xeradas na súa bacía tributaria, asociada ao período de retorno de deseño sinalado na normativa de referencia.

g. Fomentarase a implantación das técnicas de drenaxe urbana sustentable, co obxectivo de optimizar a xestión dos caudais e da contaminación proveniente das augas de escurramento.

h. En orixe aplicaranse medidas a elementos do sistema de drenaxe previamente á súa incorporación á rede de saneamento. Serán técnicas de control do volume de auga que se introduce na rede, ben desviando parte das augas cara a sistemas que permitan ou faciliten a infiltración no solo (gabias drenantes, depósitos de retención, etc.), ben facendo que o fluxo atravesese medios porosos (pavimentos porosos, depósitos de filtración en leito de area, etc.). Na medida do posible combinaranse con algún tipo de tratamento sinxelo baseado en fenómenos físicos ou biolóxicos para reducir a contaminación, o que será obrigado nos casos en que así indíqueo a normativa

(Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, ITOGH).

i. Augas abaixo, preferiblemente, na rede de saneamento e excepcionalmente na EDAR, adoptaranse medidas, para minimizar os alivios ao medio receptor, implantaranse segundo o caso estanques e depósitos de detención ou retención, zonas húmidas ou sistemas de infiltración.

j. Potenciarase a reutilización das augas residuais convenientemente tratadas, aplicándoa a procesos industriais, tarefas de limpeza pública, rega de espazos libres, regadíos ou outros usos similares.

Nas inmediacións do dominio público hidráulico o planeamento establecerá unha ordenación acorde co mantemento da funcionalidade do ciclo hídrico. Neste sentido evitanse os desenvolvementos urbanísticos nos espazos de maior valor agrolóxico, potencialmente inundables e de valor hidroxolóxico.

Nas áreas urbanas e rurais empregaranse técnicas como a localización de espazos libres que melloren a vexetación de ribeira.

O planeamento recollerá as actuacións necesarias para erradicar as verteduras directas ao dominio público hidráulico ou ao marítimo terrestre que non cumpran coas condicións de calidade determinadas pola normativa aplicable. En todo caso, para o desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento será condición *sine qua non* que o sistema de saneamento e depuración correspondente, sexa autónomo ou pertencente a unha rede xeral, dea como resultado un efluente coas condicións idóneas para o seu retorno ao medio sen risco de contaminación, tal e como exige a normativa vixente.

Artigo 28º.-*Ciclos de materiais.*

Deberanse prever e propoñer as localizacións máis axeitadas para as instalacións de recollida, tratamento e xestión dos residuos atendendo ás condicións de accesibilidade e de acordo coa planificación autonómica de xestión de residuos. En xeral, impulsaranse os sistemas de recollida selectiva para favorecer a reutilización e reciclaxe dos materiais.

Deberase garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos para o desenvolvemento de novos ámbitos tanto a nivel territorial como urbanístico.

O planeamento delimitará os espazos necesarios para levar a cabo no seu territorio as verteduras de terras e materiais procedentes de escavacións ao abeiro do previsto no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Promoverase o uso das explotacións mineiras abandonadas como vertedoiros de inertes, tras os

requisitos e trámites establecidos na lexislación sectorial específica, a través dos correspondentes proxectos de restauración ambiental e paisaxística.

Artigo 29º.-*Solo.*

A dispersión urbana favorece a fragmentación ecolóxica, paisaxística, funcional e social do territorio. O planeamento deberá fomentar formas de desenvolvemento máis eficientes de cara á valorización da funcionalidade do solo que garantan un uso eficiente e sustentable dos recursos, así como a optimización territorial, ambiental e social de infraestruturas, dotacións e servizos.

O planeamento deberá propiciar unha estrutura urbana que garanta a integración dos núcleos de poboación na paisaxe, definindo axeitadamente as súas tipoloxías construtivas, bordos urbanos, silueta, espazos públicos e viarios co fin de manter as principais vistas e perspectivas do núcleo. Co obxectivo de conseguir un uso máis eficiente e sustentable do solo, o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes con carácter previo á ocupación doutros solos.

Quedan prohibidos os novos crecementsos illados, a excepción da recualificación dos ámbitos recollidos para este efecto, así como os solos industriais e de equipamentos, que o poderán ser atendendo ás mellores condicións de accesibilidade e de modo que se prevegan e minimicen os efectos negativos sobre o territorio.

Velarase por que a planificación dos novos crecementsos procure tramas compactas e diversas en usos, con especial atención á morfoloxía e escala da intervención e con modelos tipolóxicos que se adapten ao ámbito. No caso de núcleos tradicionais preexistentes promoverase a coherencia coa trama identitaria.

Con carácter xeral, o planeamento non dirixirá os crecementsos urbanísticos cara aos elementos e hábitats máis fráxiles. Do mesmo modo, deberán dirixirse cara ás zonas con pendentes máis axeitadas e con menos impacto visual e paisaxístico.

Artigo 30º.-*Turismo.*

O planeamento procurará a diversificación dos destinos e tipoloxías turísticas, así como a súa integración paisaxística e a súa coherencia co modelo territorial proposto.

Co obxectivo de utilizar de forma racional os recursos e reducir os impactos do turismo no litoral, o planeamento tomará en consideración as propostas estratéxicas formuladas na memoria tales como a restrición e regulación dos accesos aos areas e

zonas protexidas, a promoción de destinos próximos no interior ou o fomento do uso do transporte público fronte ao privado.

Como estratexia complementaria a medio e longo prazo o planeamento adoptará os criterios recollidos na Carta europea de turismo sustentable.

Artigo 31º.-Recursos xeolóxicos.

En atención aos seus singulares valores ambientais e paisaxísticos prohibese a instalación de novas explotacións mineiras e ampliación das existentes nas categorías de protección, mellora ambiental e paisaxística e espazos de interese establecidas neste plan. Non obstante, o Consello da Xunta poderá autorizar estas actuacións cando se trate de recursos de extraordinario valor económico ou a explotación estea incluída no correspondente plan sectorial.

O réxime das explotacións mineiras en funcionamento non se alterará pola entrada en vigor deste Plan de Ordenación do Litoral. Non obstante, as ampliacións das explotacións existentes na área de protección ambiental ou na de mellora ambiental e paisaxística serán debidamente xustificadas. De ser o caso, as instalacións necesarias deberán localizarse en espazos de menor exposición visual litoral e coas debidas cautelas ambientais.

Todas estas actuacións deberán ir acompañadas dun estudo de recuperación ambiental e paisaxística do espazo aplicable no momento en que cese a actividade.

Artigo 32º.-Prevención de riscos.

O planeamento, de acordo coa información incluída neste plan e outras fontes dispoñibles, deberá definir as áreas de riscos, tanto naturais como antrópicos, que condicionen ou desaconsellen a implantación de determinados usos.

Nas áreas en que se constate a presenza de riscos, será necesaria a xustificación precisa e exhaustiva das condicións necesarias para a súa excepcional ocupación. En tal caso, o planeamento deberá especificar os parámetros e medidas correctoras exixibles á actuación.

Sen prexuízo do establecido na Lei 3/2007, do 27 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, non se poderán implantar novas explotacións forestais intensivas a unha distancia inferior de 50 metros de núcleos de poboación. Do mesmo modo, e salvo xustificación expresa da necesidade da súa localización na dita área, nos novos crecementos urbanísticos non poderán implantarse edificacións a unha distancia inferior de 50 metros do arboredo existente.

TÍTULO III
PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 33º.-Principios comúns a todos os elementos.

Con carácter xeral deberán respectar os seguintes principios comúns a todas as áreas:

- a. Valorizar os elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e rehabilitación.
- b. Divulgar o coñecemento, facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitivos naturais ou culturais, prestando especial atención aos espazos de interese identificados.
- c. Proporcionar conectividade ao territorio, preservando a funcionalidade dos ecosistemas e evitando a súa fragmentación.
- d. Preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural.
- e. Contribuír á diversidade e riqueza paisaxística, integrando os usos e actividades que sobre o territorio se implanten.
- f. Evitar a alteración substancial dos ecosistemas así como a súa ocupación con especies alóctonas.

Ademais dos principios xa enunciados con carácter xeral, comúns en todo o ámbito deste plan, en cada elemento do modelo deberán observarse especificamente os establecidos nos artigos seguintes.

Artigo 34º.-Protección intermareal.

- a. Manter o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural en que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, evitando a súa alteración.
- b. Preservar a funcionalidade destes ecosistemas profundamente vinculados coa dinámica fluvio-mariña.
- c. Adoptar medidas para a preservación destas áreas da implantación de instalacións e edificacións.
- d. Mellorar a calidade das augas.
- e. Establecer medidas que impidan as verteduras non depuradas.

Artigo 35º.-Protección costeira.

- a. Definir unha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar aqueles valores identitarios e característicos desde o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico.
- b. Mellorar a calidade da contorna e os areas dos sistemas praia-duna.

c. Adoptar medidas para a preservación destas áreas da implantación de instalacións e edificacións.

d. Fomentar os estudos sobre os procesos erosivos e de regresión costeira, froito dos efectos do cambio climático e a previsible elevación do nivel do mar.

Artigo 36º.-Mellora ambiental e paisaxística.

a. Mellorar a calidade ambiental e paisaxística desta área litoral, acometendo as operacións de conservación e restauración necesarias.

b. Garantir a integridade do bordo costeiro como un espazo público de calidade e de gozo social.

c. Favorecer o seu mantemento como un espazo aberto e natural en continuidade coa costa, minimizando a súa ocupación e planificando, se é o caso, os desenvolvementos urbanísticos que se mostren necesarios conforme esta normativa.

d. Mellorar, conservar, recualificar e renovar as fachadas marítimas dos asentamentos propios do litoral.

Artigo 37º.-Ordenación.

a. Favorecer a relación dos desenvolvementos e infraestruturas co seu contorno natural e rural próximo evitando a presión sobre espazos de valor natural ou cultural.

b. Preservar, na medida do posible, o fondo escénico das paisaxes litorais constituído polas abas expostas ao mar libres de edificación.

c. Favorecer os procesos de compactidade e complexidade garantindo a conectividade dos sistemas mediante corredores transversais, ecolóxicos e funcionais, evitando a dispersión e difusión, así como os procesos de unión de núcleos mediante continuos lineais ao redor das vías de comunicación.

d. Planificar, se é o caso, desenvolvementos urbanísticos sustentables, preservando os espazos e elementos de valor de xeito integrado na paisaxe.

e. Planificar, se é o caso, os desenvolvementos urbanísticos cunha escala, morfotipoloxía e disposición conforme co carácter do modelo de organización identitario do lugar.

Artigo 38º.-Corredores.

a. Garantir a conectividade dos espazos e hábitats costeiros co resto do territorio favorecendo o bo funcionamento do sistema.

b. Garantir unha xestión acorde coa protección dos seus valores ecolóxicos e funcionais.

c. Mellorar a capacidade das especies de absorber perturbacións, sen alterar significativamente as súas características de estrutura e funcionalidade.

d. Establecer unha rede verde a escala territorial que sirva de soporte para o coñecemento e valorización deste rico patrimonio, mellorando a calidade ambiental e paisaxística do territorio.

e. Servir como elementos vertebradores para dotar dunha maior funcionalidade ecolóxica e calidade ambiental e paisaxística os espazos con procesos intensos de ocupación.

f. Aproveitar as zonas de dominio público como fío condutor de conectividade espacial, ao tempo que se mantén o funcionamento hidrolóxico dos cursos de auga.

g. Favorecer a función dos bordos das canles e da súa vexetación de ribeira como filtro natural, reducindo a presión sobre elas, e planificando unha axeitada transición co resto dos compoñentes da matriz biofísica asociada e, se é o caso, garantindo a súa función de filtro natural das augas afluentes e do manto freático.

h. Integrar sendeiros e percorridos para conseguir fomentar deste modo o coñecemento do seu rico patrimonio natural e cultural, ao mesmo tempo que asegurar a súa conectividade e funcionalidade co resto do territorio costeiro.

i. Adoptar medidas para a preservación destes ámbitos da implantación de novas instalacións e edificacións, prestando especial atención ás existentes.

Artigo 39º.-Espazos de interese.

Atendendo á súa especificidade e en función do elemento de valor de que se trate (espazo de interese por taxon endémico, espazo de interese xeomorfolóxico ou espazo de interese paisaxístico conforme a cartografía de usos e elementos para a valoración ou estudo máis específicos para cada ámbito), atende-rase aos seguintes principios:

a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade deste, se é o caso.

b. Mantelos como elementos integrantes dunha paisaxe de calidade ambiental, funcional e visual.

c. Potenciar a súa imaxe, tanto desde o mar e as rías como desde os miradoiros e puntos de observación definidos nas distintas unidades de paisaxe.

d. Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas, ás súas características e relacións ecolóxicas e espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual.

e. Evitar a transformación dos hábitats que lles son propios.

f. Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística dos conxuntos ou elementos que desfiguren os seus trazos e valores identitarios.

g. Prestar especial atención á conservación dos seus compoñentes característicos, sen que poidan autorizarse construcións, instalacións e edificacións que os alteren.

h. Manter a identidade mellorando, se é o caso, a calidade ambiental e paisaxística das áreas consolidadas pola edificación conforme as determinacións desta normativa.

Artigo 40º.-Rede de Espazos Naturais de Galicia.

a. Preservar os seus valores e mellorar a funcionalidade dos seus ecosistemas.

b. Manter as súas características naturais evitando a súa alteración.

c. Procurar a súa conectividade ecolóxica a través dos corredores, mellorando deste modo a súa funcionalidade.

d. Manter o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, evitando o efecto bordo, é dicir, a presión e ocupación do seu contorno próximo.

e. Dar a coñecer os valores que orixinaron o seu recoñecemento como espazo natural.

Artigo 41º.-Asentamentos.

a. Establecer un modelo de ocupación racional do territorio minimizando o consumo de solo, mantendo o equilibrio das condicións que configuran o medio natural das áreas máis fráxiles e sensibles do litoral, evitando a presión sobre elas.

b. Fomentar a recuperación das áreas degradadas e a compactación dos tecidos existentes coa intensidade adecuada ao seu carácter, evitando a ocupación extensiva do solo, conservando e valorizando o contorno patrimonial e histórico, a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.

c. Impulsar o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da súa actividade económica sobre a base da calidade, a innovación e o aproveitamento sostible dos recursos naturais e culturais do territorio en que se insire e xestiona.

d. Apoiar un modelo de ordenación que favoreza o desenvolvemento da súa base patrimonial, prestando especial atención ao mantemento da trama tradicional e á súa relación coa paisaxe.

e. Mellorar os niveis de calidade de vida existentes, favorecendo o desenvolvemento sustentable.

f. Mellorar o acceso da poboación aos equipamentos, procurando un uso máis diverso e eficaz do tecido edificado.

g. Evitar novas urbanizacións illadas de carácter residencial ou turístico.

Artigo 42º.-Núcleos de identidade do litoral.

a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar.

b. Potenciar a imaxe exterior que se ten, tanto desde o mar e as rías como desde a terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima.

c. Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.

d. Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo.

e. Procurar o esponxamento do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.

f. Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas neste plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.).

g. Establecer determinacións con respecto á relación fondo-figura, que permitan unha lectura harmónica do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares.

h. Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.

Artigo 43º.-Agregado urbano.

a. Fomentar a compactación dos tecidos existentes coa intensidade axeitada ao seu carácter, evitando a ocupación extensiva do solo aínda vacante.

b. Establecer estratexias de naturalización e integración do tecido existente, incorporando como espazos libres de cohesión os corredores ecolóxicos e áreas boscosas, así como o espazos de interese co obxectivo de dotar de lexibilidade, estrutura e conectividade o territorio, mellorando a calidade ambiental e a escena urbana.

c. Prestar especial atención á mellora da paisaxe, especialmente alí onde constituía fachada marítima ou fondo escénico.

d. Mellorar os niveis de calidade de vida existentes favorecendo o desenvolvemento sustentable, integrando os procesos dispersos de ocupación no novo modelo de organización territorial mediante operacións de recualificación e dotación.

e. Mellorar o acceso da poboación aos equipamentos e servizos, procurando un uso máis diverso e eficaz do tecido edificado, ofrecendo alternativas de transporte e reducindo a necesidade de desprazamentos.

f. Fomentar a planificación de itinerarios alternativos interurbanos de tal maneira que se integren o tecido urbano e o rural, favorecendo a conectividade e mobilidade sustentable.

g. Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.

Artigo 44º.-Áreas de recualificación.

a. Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas.

b. Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.

c. Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.

d. Restituír a paisaxe natural, rural ou urbana, dotando da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.

e. Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.

f. Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.).

g. Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.

h. Establecer unha regulación que garanta os criterios de idoneidade, sustentabilidade e calidade establecidos neste plan.

Artigo 45º.-Sistemas xerais territoriais.

a. Propiciar a colaboración e coordinación administrativa.

b. Incorporar a integración paisaxística no deseño e a execución das obras, instalacións e edificacións.

c. Procurar a conectividade e funcionalidade dos ecosistemas. Nese sentido deberán incorporarse as determinacións dos corredores ao deseño das diferentes infraestruturas.

d. Procurar que os plans e proxectos que se desenvolvan estean en harmonía co modelo territorial previsto neste plan.

TÍTULO IV NORMAS XERAIS

CAPÍTULO I USOS

SECCIÓN PRIMEIRA REGULACIÓN DE USOS CON CARÁCTER XERAL

Artigo 46º.-Usos e actividades.

Para os efectos deste plan, sen prexuízo do establecido nel para os desenvolvementos urbanísticos, os usos e actividades admisibles nos solos clasificados polo planeamento como rústicos e, polo tanto, non sometidos a procesos de urbanización serán os seguintes:

1. Actividades e usos non construtivos

a. Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra tales como:

a1. Dragaxes, defensa de ríos e rectificación de canles.

a2. Realización de bancais, desmontes, recheos e outras análogas.

b. Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.

b1. Práctica de deportes organizados.

b2. Acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.

c. Actividades científicas, escolares e divulgativas.

d. Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.

e. Actividades extractivas, incluídas a explotación mineira, as canteiras e a extracción de áridos ou

terras, así como os seus establecementos de beneficio.

f. Accións sobre o solo ou subsolo que non impliquen movemento de terras, tales como aproveitamentos agropecuarios, pastoreo, cava.

g. Desecamento.

h. Valados con elementos naturais ou de sebes.

i. Accións sobre as masas arbóreas, tales como aproveitamento de leña, aproveitamento madeireiro, entresacas, mellora da masa forestal, outros aproveitamentos forestais, repoboacións e tratamento fitosanitario, de conformidade coa lexislación sectorial de aplicación en materia forestal, así como as súas actuacións complementarias imprescindibles.

j. Marisqueo tradicional e recollida selectiva de algas.

2. Actividades e usos construtivos.

a. Construcións e instalacións agrícolas en xeral tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas.

a1. Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas ou outras análogas.

a2. Talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola ou outras análogas.

a3. Viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

b. Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.

c. Construcións e instalacións destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.

d. Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministración de carburante.

e. Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.

e1. Novas construcións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.

e2. Rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.

f. Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

g. Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que deban situarse necesariamente no medio rural, como son:

g1a. Cemiterios, centros de investigación e educación ambiental e paradores de turismo.

g1b. Escolas agrarias e campamentos de turismo.

g2. Outros equipamentos públicos ou privados dos recoñecidos na epígrafe 33.2.g) da Lei urbanística.

g3. Pirotecnias.

h. Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.

i. Muros de contención, así como peches ou valado de predios.

j. Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate.

j1. Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre.

j2. Obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate, relacionados coas anteriores.

k. Construcións destinadas ás actividades extractivas, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos e terras, así como os seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do terreo ou explotación do recurso natural.

l. Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

l1. Construcións e instalacións de apoio á acuicultura e marisqueo de carácter tradicional.

l2. Construcións e instalacións de acuicultura en terra.

m. Infraestruturas de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos, e instalacións de xeración ou infraestruturas de produción de enerxía.

n. Ampliación de cemiterios preexistentes.

ñ. Construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais e os seus sistemas de tratamento ou depuración de augas.

o. Estaleiros.

p. Instalacións imprescindibles necesarias para a implantación de aparcadoiros abertos ao uso público para o acceso ás praias.

q. Instalacións imprescindibles para a práctica dos deportes náuticos.

r. Instalacións imprescindibles para a implantación de paseos marítimos ou fluviais.

3. Outros usos e actividades.

a. Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e gozo do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural sempre que non leven consigo a transformación do seu carácter e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

b. Usos admitidos pola lexislación de costas para a protección, restauración e utilización do dominio público marítimo-terrestre, coas particularidades establecidas no título IV, capítulo VI, relativas ás praias e ao seu contorno. Todas estas actuacións deberán tomar como base os criterios de intervención recollidos no presente plan así como na Guía de boas prácticas que para tal efecto realizará a consellería competente en materia de ambiente.

c. Obras de rehabilitación, renovación e reforma de edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico, e en especial as que estean recollidas no plan territorial ou urbanístico como elementos de interese integrantes do patrimonio cultural paisaxístico etnográfico do litoral. En todos estes casos admitirase o cambio de uso para vivenda, fins dotacionais ou establecementos hoteleiros, hoteis rurais e de restauración conforme á lexislación relativa a turismo de Galicia e o establecido no artigo 95º desta normativa.

d. No dominio público portuario, os previstos na súa lexislación estatal reguladora.

Artigo 47º.-*Clasificación dos usos.*

1. Co obxectivo de establecer a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valoración das zonas costeiras regúlanse a continuación os usos de cada unha das áreas continuas e descontínuas do POL, clasificados en:

a. Permitidos.

b. Incompatibles.

c. Compatibles.

2. Os usos permitidos ou compatibles nas distintas áreas sinaladas no Plan de Ordenación do Litoral serano sen prexuízo da necesaria obtención das autorizacións que, no seu caso, fosen pertinentes, atendendo á lexislación urbanística e sectorial aplicable, con especial atención ás que dispoña a Lei de costas e o seu regulamento.

3. As determinacións da Lei de costas son vinculantes no que se refire ao dominio público marítimo-terrestre e as servidumes de tránsito e acceso ao mar, debendo respectarse as súas limitacións, polo que calquera actuación que se formule en dominio público marítimo-terrestre deberá contar co correspondente título habilitante; e as que se formulen na zona de servidume de protección, coa autorización da comunidade autónoma.

4. Non necesitarán autorización previa, para os efectos deste plan, as infraestruturas, dotacións e instalacións previstas nun proxecto sectorial aprobado ao amparo da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

5. Deberá atenderse prioritariamente ao establecido no título V. Normas complementarias. Capítulo II. As praias e o seu contorno.

Artigo 48º.-*Usos permitidos.*

Son aqueles usos coherentes coas determinacións establecidas para cada Área do Plan de Ordenación do Litoral, sen prexuízo da exixibilidade de licenza urbanística municipal e da autorización urbanística ou demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan. En todo caso será de aplicación o máis restritivo dos supostos.

Artigo 49º.-*Usos incompatibles.*

Os incongruentes e desconformes coas determinacións establecidas para cada área do Plan de Ordenación do Litoral ou que impliquen un risco relevante de deterioración dos seus valores.

Artigo 50º.-*Usos compatibles.*

Trátase daqueles en cuxa tramitación deberá constar preceptivamente o informe do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe, que valorará, en cada caso, as circunstancias que xustifiquen a súa implantación, coas cautelas que procedan en atención ás particularidades de cada área deste plan.

Nestes usos terase en conta o carácter taxado da excepción, as determinacións recollidas nesta normativa e o principio de que os usos non lesionen de xeito substancial o valor da Área do Plan de Ordenación do Litoral en que se atopan.

Artigo 51º.-*Procedemento para os usos compatibles deste plan.*

1. O informe preceptivo para os usos compatibles ten por obxecto controlar que as obras, usos, construcións, instalacións ou actividades que se pretendan situar nas distintas áreas do Plan de Ordenación do Litoral se adecúen a este, con especial atención ás condicións de integración paisaxística.

2. No suposto de usos para os que, de conformidade coa Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se exixa autorización autonómica previa á licenza municipal, solicitarase informe vinculante ao organismo con competencia en materia de paisaxe, co obxectivo anteriormente descrito, o cal poderá exixir, se é o caso, estudo de impacto e integración paisaxística.

3. No suposto de usos que de conformidade coa Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sexan permitidos por licenza municipal directa, deberá o concello remitir, previamente á concesión da licenza, solicitude de informe vinculante ao organismo con competencia en materia de paisaxe, co obxectivo anteriormente descrito, o cal poderá exixir, se é o caso, estudo de impacto e integración paisaxística.

4. O citado informe vinculante resolverase no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro do organismo con competencia en materia de paisaxe. Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa, entenderase favorable.

SECCIÓN SEGUNDA

REGULACIÓN DE USOS ESPECÍFICA PARA CADA ELEMENTO

Artigo 52º.-*Regulación de usos específica para cada elemento.*

1. Establécense a continuación os usos permitidos, compatibles e incompatibles para cada área continua ou discontinua do POL.

2. Co obxectivo de facilitar a coordinación administrativa, así como a aplicabilidade do plan, pormenorizáronse os usos recollidos na LOUG, así como aqueloutros indicados polos organismos sectoriais ou os que foron necesarios para a completa consecución dos obxectivos do plan.

Artigo 53º.-*Protección intermareal.*

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1B1, 1C, 1F, 1J, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A1, 2E2, 2F, 2L1, 2M, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A2, 1B2, 1D, 1E, 1G, 1H, 1I, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2K, 2L2, 2N e 2P.

Artigo 54º.-*Protección costeira.*

Sen prexuízo do debido cumprimento do establecido no título V. Normas Complementarias. Capítulo II. As praias e o seu contorno, sempre e cando non entren en contradición, atenderase ao seguinte:

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A2, 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 e 2P.

Artigo 55º.-*Mellora ambiental e paisaxística.*

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 2A1, 2A3, 2E2, 2I, 2N, 2Ñ, 2Q, 2R, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A1, 1A2, 1D, 1E, 1I, 2A2, 2B, 2C, 2D, 2F, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2L2, 2M, 2O, 2P e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1G, 2E1, 2G3 e 2K.

Artigo 56º.-*Ordenación.*

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1A1, 1A2, 1B1, 1B2, 1C, 1D, 1F, 1H, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E2, 2F, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2L2, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2P, 2Q, 2R, 3A, 3B, 3C e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1E, 1I, 2E1, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2G3 e 2K.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1G.

Artigo 57º.-*Corredor.*

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A1, 1A2, 1I, 2A1, 2A3, 2E2, 2F, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1D, 1E, 1G, 2A2, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 y 2P.

Artigo 58º.-*Espazos de interese.*

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 3A, 3B e 3D.

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A1, 1A2, 1I, 2B, 2C, 2D, 2E2, 2F, 2G1a, 2G2, 2I, 2J1, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2Q, 2R e 3C.

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2J2, 2K, 2L2, 2O e 2P.

Artigo 59º.-*Rede de Espazos Naturais de Galicia.*

Nestes espazos os usos serán os regulados mediante os instrumentos de ordenación específica recollidos na súa lexislación sectorial e, na súa ausencia, os expresados no artigo 58º precedente.

CAPÍTULO II

DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS

SECCIÓN PRIMEIRA

REGULACIÓN CON CARÁCTER XERAL

Artigo 60º.-*Desenvolvementos urbanísticos.*

1. Os desenvolvementos urbanísticos deberán xustificarse en función das necesidades de crecemento municipal no marco dun desenvolvemento equilibrado e sustentable, que o planeamento urbanístico deberá garantir en coherencia coas determinacións do POL.

2. Unicamente se permitirán os desenvolvementos urbanísticos illados que teñan como finalidade a recualificación das áreas identificadas para tal efecto neste plan, así como a implantación illada de actividades produtivas, industriais, dotacionais e empresariais de tal forma que se xere o mínimo impacto sobre o territorio.

3. O planeamento xeral velará por que os novos crecementos urbanísticos se formulen de forma integral, con especial atención á morfoloxía, posición relativa e escala da intervención e con modelos tipolóxicos que integren os principios, criterios e normas xerais perseguidas para cada elemento do modelo territorial deste plan.

4. Cando por razóns derivadas da orografía e configuración do contorno en que se atope o asentamento, o seu crecemento só poida ser en dirección á costa, o plan dirixirá estes crecementos urbanísticos cara ás zonas con pendentes máis adecuadas, aten-

dendo a unha menor exposición e relación visual coa costa e, en todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os espazos e elementos de valor recollidos neste plan.

5. Para iso pátrese da caracterización dos asentamentos realizada polo presente plan e recollida na súa cartografía.

Artigo 61º.-*Normas xerais para o desenvolvemento dos solos.*

As seguintes normas xerais deberán ser interpretadas no marco de cada unha das determinacións específicas para cada elemento do modelo territorial deste plan.

1. Contención da ocupación do solo.

a. Priorizando o espazo público sobre o espazo privado.

b. Establecendo densidades e tipoloxías que optimicen o consumo de solo e garantan espazos libres de calidade.

c. Propiciando a integración paisaxística da urbanización.

2. Adaptación ao relevo (adequar o construído ao natural).

a. Evitando a edificación en posicións dominantes sobre a costa.

b. Minimizando os movementos de terras, alteracións dos leitos e cortas de arboredo de interese.

c. Evitando as pendentes con forte impacto visual, ecolóxico ou funcional.

3. Naturalización do tratamento dos espazos destinados á urbanización.

a. Salvagardando as características naturais dos solos.

I. Composición.

II. Permeabilidade.

III. Substrato.

IV. Vexetación.

b. Evitando a contaminación ambiental.

I. Atmosférica.

II. Lumínica.

III. Acústica.

4. Fomento da conectividade e permeabilidade.

a. Ecolóxica.

b. Funcional.

I. Transporte público fronte ao privado.

II. Mobilidade alternativa (peonil, bicicleta...).

c. Visual.

I. Cara ao mar.

II. Cara aos fondos escénicos.

5. Adecuación dos espazos libres

a. Ás áreas de protección ambiental.

b. Aos espazos e elementos de interese como ámbitos de relación e conectividade.

c. Potenciando os corredores e a súa conexión con outros espazos libres ou de interese.

6. Adecuación morfolóxica.

a. Estruturando e rematando as tramas existentes.

b. Procurando a compactidade e integración.

c. Evitando a formación de barreiras.

I. Visuais.

II. Funcionais.

7. Protección do carácter dos núcleos de identidade litoral.

a. A súa natureza e estrutura.

b. A súa escala.

c. A súa relación co contorno.

I. Natural.

II. Construído.

8. Consecución de nodos urbanos.

a. Valorizando as calidades identitarias do lugar.

b. Recuperando elementos patrimoniais existentes.

I. Naturais.

II. Construídos.

c. Xerando espazos que propicien a cohesión social.

d. Promovendo a complexidade funcional.

I. Novos usos.

II. Equipamentos e dotacións públicas.

III. Cohesión social.

9. Tratamento da fachada marítima.

Enténdese por fachada marítima o conxunto de elementos naturais ou construídos que expostos ao mar, ás marismas e lagoas interiores, configuran unha imaxe identitaria na paisaxe.

a. Evitando as transformacións bruscas da súa natureza.

b. Dirixindo cara á costa os espazos libres para procurar un uso e gozo do bordo litoral que garanta os seus valores naturais e paisaxísticos.

c. Atendendo ás relacións de escala e acabamento.

d. Priorizando a permeabilidade visual e funcional.

e. Posibilitando un uso e disfrute do bordo litoral que garanta os seus valores naturais e paisaxísticos.

10. Valorización dos fondos escénicos e elementos de interese.

a. Atendendo aos ámbitos de interese natural próximos como elementos de referencia.

b. Procurando a vertebración apoiándose nos corredores e elementos para a valoración.

c. Tendo en conta as relacións entre o fondo natural e a figura construída.

SECCIÓN SEGUNDA

REGULACIÓN ESPECÍFICA EN CADA ELEMENTO

Artigo 62º.-*Protección intermareal.*

Están prohibidos os desenvolvementos urbanísticos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais destes, sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

Artigo 63º.-*Protección costeira.*

Con carácter xeral están prohibidos os desenvolvementos urbanísticos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais destes sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

Artigo 64º.-*Mellora ambiental e paisaxística.*

1. Excepcionalmente, permitíranse crecementos urbanísticos que de forma motivada e racional se formulen para completar trama urbana existente desde asentamentos de carácter fundacional, periférico funcional ou agregado urbano ou, se é o caso, para propiciar un crecemento racional desde un asentamento fundacional.

2. Nesta área os crecementos dirixiranse, sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa. Neles as edificacións situaranse diante dos núcleos existentes tan só co obxectivo de completar a fachada marítima, ou a trama existente.

Artigo 65º.-Ordenación.

Esta área considérase apta para os desenvolvementos urbanísticos desde calquera tipo de asentamento. Nela, o plan dirixirá os crecementos urbanísticos, preferentemente e sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa e, en todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os espazos e elementos de valor recollidos neste plan.

Artigo 66º.-Corredores.

Os desenvolvementos urbanísticos están prohibidos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais destes, sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

Artigo 67º.-Espazos de interese.

1. Con carácter xeral os desenvolvementos urbanísticos están prohibidos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais destes, sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

2. De xeito motivado e racional permitiranse crecementos urbanísticos desde aqueles asentamentos recollidos na cartografía como asentamentos de carácter fundacional, desenvolvementos periféricos, asentamentos funcionais e agregados urbanos, sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

3. En tal caso os crecementos dirixiranse, sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa. Neles as edificacións situaranse diante dos núcleos existentes tan só co obxectivo de completar a fachada marítima, ou a trama existente sempre e cando non lesione os valores identificados.

Artigo 68º.-Rede de Espazos Naturais de Galicia.

1. Están prohibidos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais, sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados, e deberase axustar, en todo caso, aos criterios establecidos polo correspondente instrumento de ordenación dos recursos naturais ou ao establecido polo órgano da comunidade autónoma competente na materia.

2. No caso de asentamentos fundacionais inseridos dentro da Rede Galega de Espazos Naturais protexidos, os terreos en que sexan necesarios procesos de reforma interior, renovación urbana, urbanización ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, deberán

axustarse aos criterios establecidos polo correspondente instrumento de ordenación dos recursos naturais ou ao establecido polo órgano da comunidade autónoma competente na materia.

Artigo 69º.-Núcleos de identidade do litoral.

1. Será obxecto do planeamento urbanístico a súa delimitación. Esta terá un carácter motivado atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar.

2. O planeamento xeral establecerá a figura pola cal se concretará o seu desenvolvemento, conforme os principios xerais establecidos neste plan e especialmente no artigo 42º.

Artigo 70º.-Agregado urbano.

1. Nesta área poderanse establecer desenvolvementos urbanísticos desde calquera tipo de asentamento dirixindo os crecementos urbanísticos, sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa e, en todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os espazos e elementos de valor recollidos neste plan.

2. O plan prestará especial atención á incorporación dos corredores, ás áreas boscosas e aos espazos de interese co obxectivo de dotar de lexibilidade, estrutura, conectividade e maior calidade ambiental estes contornos ao mesmo tempo que se procura a súa integración paisaxística.

3. Procurarase a compactibilidade dos desenvolvementos, recualificando na medida do posible os existentes e mellorando o acceso da poboación ás dotacións e equipamentos co obxectivo de integrais funcionalmente no modelo de organización territorial.

4. Prestarase especial atención á mobilidade, conectividade e accesibilidade, priorizando modos de transporte alternativos.

5. Potenciarase a recuperación dos núcleos fundacionais así como a recualificación dos espazos de interese e as actuacións vinculadas á reconversión de actividades económicas ou industriais preexistentes.

6. Evitarase amplificar procesos desconformes co plan por supoñer a presión sobre elementos ou espazos de valor así como a ocupación extensiva do bordo costeiro e os seus fondos escénicos.

Artigo 71º.-Ámbitos de recualificación.

1. Posto que identifican dinámicas de ocupación do territorio desconformes coas determinacións deste plan, a delimitación destes ámbitos terá por obxecto operacións de mellora, cohesión social, dotación e esponxamento.

2. O seu desenvolvemento será posible tras a axeiada clasificación do plan urbanístico conforme a lexislación vixente. Poderán levarse a cabo desenvolvementos dentro do ámbito da área de recualificación que dean cumprimento aos principios e criterios xerais descritos para estes ámbitos e incorporando os obxectivos e criterios da área en que se atopan.

3. Para iso:

a. Os instrumentos de desenvolvemento destes ámbitos serán os establecidos na lexislación urbanística conforme a súa natureza.

b. A súa delimitación poderá ser continua ou discontinua e deberá estar axustada aos obxectivos, criterios e determinacións anteriormente descritos.

c. O seu desenvolvemento incorporará un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) que poderá pormenorizar a súa delimitación en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre elas e os lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado, a morfoloxía e tipoloxías propias destes e da área xeográfica en que se atopan.

d. As actuacións limitaranse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente, de maneira que unha vez establecido o ámbito de recualificación, a partir del non se poderán prever no plan novos crecementos urbanísticos.

Artigo 72º.-*Sistemas xerais territoriais.*

1. Os sistemas xerais territoriais rexeranse pola súa lexislación específica. Non obstante, adoptarán como principio reitor da súa actuación o de colaboración interadministrativa, arbitrando os medios adecuados para incorporar as determinacións establecidas no presente documento relativas á conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

2. No caso de desafectación dun sistema xeral territorial este incluírase na área de mellora ambiental e paisaxística.

3. Os sistemas xerais territoriais de nova implantación, tras a entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral, deberán incorporar un EIIP.

TÍTULO V

NORMAS COMPLEMENTARIAS

CAPÍTULO I

PAISAXE

Recóllense a continuación unha serie de determinacións que servirán de base para a protección, ordenación e xestión da paisaxe litoral, en tanto en canto

se desenvolven os catálogos e directrices de paisaxe, ambos instrumentos específicos da Lei 7/2008.

Artigo 73º.-*Integración paisaxística.*

Enténdese por integración paisaxística o conxunto de accións que, partindo da comprensión da paisaxe dun lugar, conforman o proxecto e permiten diminuír o seu impacto paisaxístico e conseguir a súa integración harmónica.

A integración paisaxística implica, polo tanto, partir da comprensión do lugar e actuar de forma que a alteración que comporte o complemento e enriqueza.

Por iso, os elementos da actuación serán coherentes cos preexistentes para a consecución dunha correcta integración paisaxística.

Con carácter xeral a noción de integración paisaxística asóciase a variables como a harmonía, a orde, o respecto ou a coherencia, entre outros. A maioría das veces, estes conceptos están ligados a unha restauración ambiental e natural da contorna en que se sitúan. Os criterios para conseguir unha boa integración paisaxística consisten en:

a. Realizar unha análise sistemática do lugar (morfoloxía, estruturas, tipoloxías, visibilidade, etc.) que garanta a comprensión do «carácter do lugar». Enténdese por lugar non só a parcela onde se vai implantar o proxecto senón o ámbito territorial que lle é propio.

b. Identificar os elementos característicos do lugar, os que o fan diferente doutros e que deben incorporarse ao proxecto e servir ao mesmo tempo para escoller a estratexia de implantación.

c. Analizar o programa funcional de maneira que sexa este o que se adapte ao lugar e non ao revés.

d. Estudar a percepción social do lugar, a percepción deste pola cidadanía, o seu grao de implicación e valoración.

e. Analizar a complementariedade estrutural e funcional dos novos usos e construcións co seu contorno natural e urbano.

Artigo 74º.-*Obxectivos.*

a. Minimizar as afeccións sobre o medio, mantendo a funcionalidade dos ecosistemas.

b. Integrar os elementos estruturais do territorio tales como os camiños, regueiros, bosquetes ou os elementos patrimoniais no deseño da proposta.

c. Valorizar os trazos característicos da paisaxe.

d. Conformar un modelo de organización, usos materiais, volumes e texturas, que nunha linguaxe contemporánea estean en harmonía cos existentes.

e. Prever accións para o proceso de desenvolvemento, construción e xestión, valorando os impactos potenciais derivados da intervención e da implantación da actuación e incorporar, non só medidas correctoras, senón restauradoras ou compensatorias dos impactos derivados das obras.

f. Estableceranse medidas de xestión e mantemento do espazo así como dos elementos integrados na actuación.

Artigo 75º.-Criterios xerais de integración.

a. Calquera intervención ao longo das súas diferentes fases de execución velará por manter a diversidade e funcionalidade ecolóxica do territorio.

b. A planificación territorial e o planeamento urbanístico deberán manter as condicións de visibilidade propias de cada unha das diferentes unidades de paisaxe identificadas, tales como a linealidade dos vales, as vistas panorámicas desde posicións elevadas ou a percepción do relevo no seu conxunto.

c. Analizaranse especialmente as texturas, as cores, as xeometrías e as escalas dos volumes dos elementos previstos, extractando aqueles que sexan característicos ou singulares das paisaxes naturais, rurais e urbanas.

d. As actuacións previstas, tanto as edificacións, como o parcelario, a rede de camiños e as infraestruturas deberán adecuar os seus perfís á topografía do terreo, e evitar a alteración das pendentes naturais.

e. Os elementos preexistentes de valor deben incorporarse ao proxecto. Evitarase, polo tanto, a eliminación de resaltes do relevo, a cubrición de canles naturais, así como a destrución de peches, bancais ou camiños tradicionais.

f. As intervencións na paisaxe velarán polo mantemento da vexetación de porte arbóreo e arbustivo preexistente, salvo que se xustifique o contrario atendendo a motivos ecolóxicos. En caso de alteración ou desaparición definiranse medidas axeitadas de recuperación e integración que garantan a presenza de especies propias do lugar, evitando unha excesiva fragmentación dos hábitats e corredores biolóxicos. Será necesario apoiarse na estrutura espacial da vexetación predominante: formas e tamaños das manchas de vexetación -lineais, extensas, puntuais, irregulares- e a súa estratificación vertical -arbórea, arbustiva e herbácea-. Nos proxectos de revexetación deberán utilizarse especies axeitadas ás condicións edafoclimáticas da zona. Para a súa selección será necesario considerar a forma e dimensión das especies, a súa textura, coloración e fenoloxía para alcanzar a mellor integración paisaxística e ecolóxica.

g. Evitarase a afección sobre os elementos patrimoniais, as construcións situadas no contorno de

bens inmobles de interese cultural, artístico, histórico, arqueolóxico, ou tradicional e buscará a axeitada harmonización con eles.

h. Nos núcleos de carácter tradicional e nos contornos rurais, co fin de integrar ao máximo as actuacións construtivas e de manter os hábitats que contribúan á conservación da biodiversidade, considérase necesario o mantemento da vexetación autóctona ou de singular valor presente nos terreos, así como a conservación das sebes e vexetación asociada aos peches dos terreos.

i. Os edificios adaptaranse no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

j. O deseño do edificio e do terreo, os espazos anexos e a súa articulación co contorno resolverán axeitadamente a forma de inserirse na paisaxe do lugar, valorando as súas calidades e respectando e recuperando, se é posible, as pegadas valiosas existentes en cada terreo e en cada parcela, tales como edificios, cercas e muros, monteiras e árbores ou sebes, regueiros, camiños ou rochedos. A selección de especies para revexetación debe ser coherente coas do contorno, evitando as de carácter ornamental ou alleas ao dominio bioclimático.

Artigo 76º.-Criterios específicos de integración.

Os distintos instrumentos de planeamento deberán establecer os criterios específicos de integración para cada actuación prevista.

Para tal efecto analizaranse:

a. As condicións naturais e morfolóxicas da parcela e o seu contorno.

b. O terreo e os movementos de terras.

c. A cobertura vexetal.

d. A vexetación arbórea e arbustiva existente.

e. O fondo escénico (a relación fondo-figura).

f. As escalas e relación dos volumes.

g. As intensidades de usos.

h. A integración e conexión coa rede de vías e camiños existentes.

i. Os elementos que definen as características morfolóxicas e tipolóxicas do contorno.

j. Os peches e valados.

k. Os anuncios, carteis e paneis publicitarios.

Artigo 77º.-*Áreas e sectores de actividade industrial e económica.*

a. Estes espazos débense integrar na súa escena urbana ou rural próxima. As edificacións destes sectores adoitan supoñer un forte impacto polo illamento e o acusado contraste tipolóxico e volumétrico con respecto ao seu contorno. Para iso, potenciarase o establecemento de relacións físicas e funcionais que favorezan a permeabilidade do espazo industrial e garantan a continuidade cos espazos adxacentes.

b. A partir dos estudos de visibilidade relacionaranse os elementos que contribúen a definir a escala do conxunto edificado tales como volumetría, cheos e baleiros, entre outros, co obxectivo de definir os parámetros urbanísticos -altura, edificabilidade, ocupación, recuamentos- necesarios para asegurar a integración das edificacións. Unha estratexia recomendable é a fragmentación de volumes e o axeitado tratamento do relevo e da vexetación para facilitar a alteración da percepción escalar do polígono.

c. Deberase valorar a localización dos espazos verdes como elemento de rótula, conexión e relación co contorno.

d. Desde o punto de vista paisaxístico, o viario tanto exterior como interior destes espazos industriais é un elemento fundamental de calidade e integración tanto morfolóxica como visual. Débese valorar a súa importancia como elementos que establecen a estrutura interna do ámbito e os principais percorridos desde os cales se perciben estes espazos. Polo tanto, débese alcanzar un deseño de calidade do viario que sexa expresión, non só dunha lóxica funcional, senón dunha relación harmónica co contorno e coa escena urbana. Sempre que sexa posible o polígono deberá relacionarse coas zonas urbanas mediante transporte colectivo.

e. Débese prestar especial atención ao uso da vexetación, xa que, ben utilizada, colaborará na mellora da calidade e percepción do conxunto e das diferentes edificacións. A vexetación non só contribúe a establecer as relacións ecolóxicas co contorno, senón que é un interesante elemento de «costura», desde o punto de vista da integración con este.

f. Mediante o uso axeitado de materiais débese alcanzar un novo e contemporáneo diálogo co contorno en relación á imaxe exterior de fachadas, cubertas e o perfil ou silueta xerados.

g. Débese evitar na medida do posible a utilización de peches opacos. Os peches sinxelos, transparentes e discretos, que actúan como filtros, establecen un mellor diálogo coas edificacións e o contorno do polígono.

h. Procurarase controlar a cartellaría e diversos soportes publicitarios luminosos para evitar unha

imaxe caótica. Estes soportes deberán ser tratados na propia ordenación das parcelas e da edificación.

i. Deberase analizar a visibilidade nocturna do polígono, convertendo a iluminación nun elemento máis de deseño, sen alterar a súa funcionalidade. É recomendable que a altura da iluminación se sitúe por debaixo das copas das árbores co obxectivo de aproveitar ao máximo a luz. Débese ter en conta o seu deseño, situación e réxime de funcionamento co obxectivo de minimizar a contaminación lumínica.

Artigo 78º.-*Documentación que chegar nos estudos de integración paisaxística.*

O estudo de impacto e integración paisaxística -EIIP- é un documento técnico en que se avaliarán os impactos que os proxectos considerados poidan provocar na paisaxe, e as medidas de integración paisaxísticas propostas polas entidades promotoras. O EIIP incluirá unha epígrafe de diagnóstico do estado actual da paisaxe, outra dedicada á xustificación, descrición e alcance da actuación prevista, así como o proceso adoptado de incorporación das directrices correspondentes ás unidades de paisaxe afectadas. E finalmente informará dos criterios e medidas adoptadas para alcanzar a integración paisaxística do proxecto.

É necesario recordar que o proxecto de integración paisaxística debe ser inherente á súa elaboración. Polo tanto, o seu obxectivo último non sería tanto establecer medidas correctoras como garantir que os criterios e as medidas adoptadas polos promotores do proxecto sexan adecuadas e suficientes para a súa inserción na paisaxe.

1. Complementariedade documental.

a. Segundo a Lei 7/2008, do 7 de xullo, galega de protección da paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística deberán acompañar os estudos de impacto ambiental daqueles proxectos que deban someterse ao procedemento de declaración de impacto ambiental, conforme a lexislación vixente.

b. Con independencia do anteriormente exposto, será preceptivo o estudo de impacto e integración paisaxística naqueles usos e edificacións en que así o establecera o presente plan.

c. O EIIP debe ter un carácter operativo e flexible, cun contido específico que incida nos aspectos de maior impacto potencial, sen necesidade de repetir a análise daquelas variables da matriz biofísica ou cultural que xa son obxecto de tratamento pormenorizado nos estudos derivados do procedemento de declaración de impacto ambiental, recollido na normativa vixente.

2. Documentación.

Mentres a consellería non publique a guía para a elaboración dos estudos de impacto e integración

paisaxística, na cal se fará a descrición detallada dos seus contidos, a documentación de tales estudos deberá cumprir co recollido no artigo 11º da Lei 7/2008, do 7 de xullo, galega de protección da paisaxe e garantir unha análise da paisaxe previa, que permita recoñecer os valores xenuínos do contexto paisaxístico, propoñer un axeitado estudo das alternativas de localización e permitir definir estratexias coherentes de integración. Este diagnóstico deberá concluír na definición da singularidade e capacidade de acollida da unidade de paisaxe afectada.

Haberá que evitar descrições excesivas e a acumulación de datos xa recollidos nos estudos de impacto ambiental vinculados ao proxecto, se é o caso. A forma axeitada de informar sobre o diagnóstico da paisaxe será, sobre todo, a través de documentación gráfica e cartográfica. A escala de cada un dos elementos recollidos na devandita cartografía será a necesaria para a comprensión do parámetro ou parámetros descritos.

O índice de tales estudos deberá conter, polo menos, as seguintes epígrafes:

a. Análise e diagnóstico dos compoñentes da paisaxe, caracterización sensorial e distribución territorial.

b. Xustificación, descrición e alcance da actuación prevista.

c. Determinación de impactos. Fraxilidade paisaxística e capacidade de acollida.

d. Análise de visibilidade.

e. Valoración de impactos e grao de afectación e reversibilidade.

f. Valoración da estratexia de integración paisaxística, con expresión das alternativas analizadas.

g. Xustificación do cumprimento das determinacións contidas na lexislación vixente, así como as derivadas dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe que lles sexan de aplicación.

CAPÍTULO II

AS PRAIAS E O SEU CONTORNO

Artigo 79º.-*Protección do sistema praia-duna.*

1. As disposicións contidas no presente capítulo aplicaranse sen prexuízo do obrigado cumprimento do establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, no seu artigo 33º para as praias, e no artigo 111º, para as obras de rexeneración e recuperación de praias, así como nos artigos 64º a 70º do Regulamento que a desenvolve; en atención á fraxi-

lidade dos seus ecosistemas e do interese e intensidade do seu uso e do seu contorno regúlanse a continuación as seguintes disposicións.

2. Con carácter xeral os sistemas praia-duna identificados na cartografía de usos e elementos para a valoración así como nas fichas de unidades de paisaxe quedarán suxeitos á seguinte regulación:

a. As instalacións que neles se permitan serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso e localizaranse minimizando a afectación ao funcionamento ambiental do sistema.

b. As edificacións de servizo de praia situaranse, preferentemente, fóra dela, sen que teñan incidencia ambiental ou paisaxística co resto de elementos do sistema.

c. Co obxectivo de establecer as instalacións, edificacións e usos autorizados en cada tipo de praia e o seu contorno cumpriranse as determinacións establecidas con carácter particular para elas neste plan.

Artigo 80º.-*Caracterización das praias.*

Para os efectos do Plan de Ordenación do Litoral, as praias clasifícanse atendendo á súa xénese, ao contorno en que se sitúan, á súa accesibilidade e á intensidade de uso nas seguintes categorías: praias urbanas, periurbanas, rurais e naturais.

a. As praias urbanas son aquelas situadas nun contorno urbano, altamente transformado, con doada accesibilidade e que soportan un intenso uso.

b. As praias periurbanas son aquelas cuxo contorno se atopa parcialmente transformado, están próximas a asentamentos urbanos e contan cunha aceptable accesibilidade e elevada afluencia de visitantes.

c. As praias rurais son aquelas que están situadas en enclaves de elevada fraxilidade paisaxística, nun contorno pouco transformado que mantén un carácter rural, contan cunha aceptable accesibilidade e, polo xeral, un uso moderado.

d. As praias naturais son aquelas situadas en espazos afastados de núcleos de poboación, nun contorno que conserva características moi próximas á naturalidade e contan polo xeral cun difícil acceso e un uso reducido. Algunhas destas praias teñen un difícil ou case imposible acceso por terra, sendo habitual o seu acceso polo mar.

Artigo 81º.-*Relación das praias.*

A relación de praias e categorías recóllese no anexo correspondente.

Artigo 82º.-Plans especiais.

Poderán realizar plans especiais as distintas administracións públicas co obxectivo de reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno, localizar novos accesos e aparcadoiros conforme as determinacións establecidas no presente plan e na Guía de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna, de ser o caso.

A redacción do Plan especial poderase realizar por iniciativa dos concellos no termo municipal dos cales se sitúa a praia, ou ben de oficio pola comunidade autónoma.

Nas praias urbanas, periurbanas, rurais ou naturais recollidas neste plan, en que o carácter do contorno sexa discordante co da categoría da praia, o plan municipal deberá establecer un Plan especial co obxectivo de reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno, así como localizar novos accesos e aparcadoiros de acordo cos criterios establecidos neste plan.

O planeamento municipal, no momento da súa adaptación a este plan, prestará especial atención á ordenación do contorno das praias e das fachadas marítimas para o seu tratamento integral e rehabilitación, co fin de non limitar o campo visual nin as perspectivas propias deste, así como establecer as determinacións que causen un menor impacto sobre as dinámicas e estabilidade do propio areal.

Do mesmo modo, indicará aquelas construcións que considere inadecuadas ou incompatibles coa ordenación prevista, procurando a mellora das existentes e dos espazos públicos, suprimindo as barreiras arquitectónicas e integrando as redes de instalacións.

Artigo 83º.-Ordenación do contorno en praias urbanas.

O planeamento municipal, no momento da súa adaptación a este plan, prestará especial atención á ordenación do contorno das praias urbanas, á súa accesibilidade para colectivos vulnerables, á integración paisaxística dos aparcadoiros e de toda a fronte marítima, para a consecución dun espazo público de calidade ambiental e paisaxística.

Artigo 84º.-Ordenación do contorno en praias periurbanas e rurais.

O planeamento municipal, no momento da súa adaptación a este plan, prestará especial atención á ordenación do contorno das praias periurbanas e rurais, aos aparcadoiros e á conexión cos asentamentos máis próximos, para a súa ordenación integral, producindo as mínimas afeccións na estabilidade do areal e do seu contorno.

Artigo 85º.-Ordenación do contorno nas praias naturais.

O planeamento municipal, no momento da súa adaptación a este plan, prestará especial atención ao mantemento da paisaxe do contorno das praias naturais. Neste sentido evitarase a realización de calquera actuación máis alá das estritamente necesarias para o mantemento da estabilidade do areal e do seu contorno ou as operacións de mellora das súas condicións ambientais.

Artigo 86º.-Residuos.

As praias urbanas, periurbanas e rurais deberán contar cos elementos necesarios para a recollida de residuos sólidos urbanos co obxectivo do mantemento das súas axeitadas condicións de hixiene e limpeza.

Estas instalacións gardarán relación coa natureza da praia e deberán manterse axeitadamente.

As instalacións de recollida de residuos deberanse situar fóra da praia, en lugares apropiados e acondicionados para o efecto, salvo aqueles elementos do mobiliario urbano que sexan precisos para a recollida de residuos xerados polos usuarios das praias e que se colocarán de modo que causen o mínimo impacto visual e ambiental posible.

Artigo 87º.-Instalacións e servizos.

Prestarase unha especial atención ao deseño das instalacións e servizos de tempada para conseguir unha axeitada integración no contorno, coidando tanto a súa situación como a tipoloxía e os materiais empregados.

Nas praias periurbanas e urbanas non se permitirán novas instalacións non desmontables no sistema praia-duna e nas súas lagoas, de ser o caso.

Nas praias rurais non se permitirán novas instalacións non desmontables dentro da praia. Este tipo de instalacións, con independencia de que sexan ou non desmontables, estarán prohibidas nas dunas e nas súas lagoas traseiras.

Nas praias naturais non se permitirán instalacións de ningún tipo dentro da praia, nas dunas nin nas súas lagoas traseiras, tendéndose a eliminar as instalacións preexistentes.

Artigo 88º.-Accesos peonís.

Coa finalidade de facilitar o uso público das praias procurarase, sempre que non se lesionen as características e valores do areal, acondicionar polo menos un acceso para persoas con mobilidade reducida, coa súa correspondente sinalización, de acordo co establecido na normativa de supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas, sempre que iso sexa posible en atención ás características topográficas do terreo e ás ambientais da praia e o seu contorno.

Non obstante, nas praias urbanas será obrigatoria a existencia deste acceso, e poderán compartilo as praias contiguas, xunto cos elementos que permitan o tránsito destas persoas dentro da praia.

Nas praias periurbanas e rurais, potenciarase o uso dos camiños existentes fronte á creación de novos accesos, permitindo a súa mellora mediante tratamentos que manteñan os caracteres propios da área, preservando os elementos significativos, tales como muros ou sebes, así como a vexetación existente sen incorporar novas especies.

Nas praias naturais evítase calquera tipo de intervención.

Artigo 89º.-*Accesos rodados.*

Non se poderán construír novas vías de acceso á praia de vehículos automóbiles que non estean previstos nos instrumentos de planeamento territorial ou nos plans xerais adaptados a aqueles, todo iso sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial de aplicación.

Os accesos ao mar deberán axustarse ao disposto no artigo 28º da Lei de costas e a servidume de tránsito deberá quedar permanentemente expedita, segundo o disposto no artigo 27º da mesma lei. Nas praias rurais, o acceso deberase realizar a través de camiños rurais existentes que manterán o seu carácter, establecendo limitacións á circulación motorizada a partir das zonas de aparcadoiro habilitadas para ese efecto.

Nas praias naturais non se realizarán novos accesos rodados, e será o nivel de accesibilidade da praia o existente. Tan só se permitirán labores encamiñados á recuperación das características naturais dos accesos existentes.

Artigo 90º.-*Aparcadoiros en praias periurbanas e rurais.*

O plan municipal resolverá as necesidades de aparcadoiro realizando un estudo da capacidade de carga da praia. A localización dos novos aparcadoiros será preferentemente nos núcleos próximos ou no seu contorno inmediato, xerando as mínimas afeccións.

De non ser viable, procurarase a xestión de parcelas de uso agrario para suplir a demanda de aparcadoiro de praia de carácter estacional, sen realizar tratamento ou acondicionamento ningún.

En ningún caso se autorizará o estacionamento de vehículos na praia, cordón dunar e superficies areentas anexas e fóra dos lugares habilitados para ese efecto. En todo caso, o plan urbanístico deberá establecer as previsións necesarias para que os aparcadoiros aínda existentes, que non se axusten ás deter-

minacións deste plan, se recoloquen cumprindo as condicións das epígrafes anteriores.

Procurarase que as áreas de aparcadoiro non sexan visibles desde a praia e deberanse utilizar materiais e tratamentos adecuados para mellorar a súa integración ambiental e paisaxística.

Sen necesidade de adaptación do planeamento urbanístico a este plan, os aparcadoiros existentes nas áreas de protección poderán ser recolocados noutros espazos en que se admita este uso, establecendo as medidas oportunas para a recuperación e rexeneración ambiental da área abandonada.

No caso das praias naturais non se permitirán aparcadoiros no seu contorno. Tan só se permitirán labores encamiñados á recuperación das características naturais dos existentes.

Artigo 91º.-*Circulación de vehículos de motor.*

Sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial, nas praias urbanas, periurbanas e rurais prohibese a circulación de vehículos de motor, agás para pesca, recollida de algas e servizos de limpeza, seguridade e salvamento.

Nas praias naturais queda prohibida a circulación de vehículos de motor salvo para os labores de seguridade, limpeza e salvamento. Os labores de recollida de algas e servizo de limpeza deberán realizarse, sempre que sexa posible, evitando o uso da circulación a motor.

CAPÍTULO III

ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Artigo 92º.-*Sendas.*

1. O obxectivo é establecer unha infraestrutura verde capaz de conectar os elementos ecolóxicos de valor e facer posible un percorrido funcional que permita a interpretación do patrimonio natural e cultural destas paisaxes. Sempre que sexa posible, estas sendas deberán acompañar os corredores para reforzar o seu valor como elementos articuladores do territorio ambiental e funcionalmente.

2. Promoverase a sinatura dun convenio coa Demarcación de Costas do Estado, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de proxectos atendendo aos criterios establecidos no Plan de Ordenación do Litoral, así como coa Federación Galega de Montaña co obxectivo de promover a homologación e o seguimento do estado de conservación e accesibilidade das sendas litorais.

3. Para os efectos de desenvolver de xeito integrado unha ou varias destas sendas poderanse realizar plans especiais que deberán incluír, en todo caso, o

correspondente estudo de impacto e integración paisaxística.

4. O tratamento destas sendas realizarase evitando a fragmentación dos hábitats. Para iso deberase evitar a apertura de novos camiños e teranse en conta as características de cada un dos espazos que percorre a senda. Deste modo as intervencións realizaranse sempre en favor dos seus valores ecolóxicos e ambientais e actuando cara á mellora destes, procurando o máximo respecto das comunidades vexetais e animais que os ocupan.

Artigo 93º.-Accións formativas e divulgativas. Programa de educación ambiental.

1. Establecerase unha estratexia de divulgación ambiental do POL co obxectivo de impulsar a participación cidadá, así como de dar a coñecer o documento, os seus valores e os criterios e alternativas máis sustentables para a súa aplicación.

2. A estratexia para a divulgación do Plan de Ordenación do Litoral establecerá os distintos programas de educación ambiental en función tanto dos obxectivos como dos destinatarios desta, con especial atención aos colectivos vulnerables.

TÍTULO VI

RELACIÓN CO PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE

Artigo 94º.-Relación co planeamento municipal vixente.

Conforme o establecido no artigo 14º.3 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o planeamento municipal queda modificado, sen prexuízo da súa adaptación ao Plan de Ordenación do Litoral, nos termos contidos neste título.

Artigo 95º.-Edificacións e usos existentes.

1. As edificacións e usos legalmente implantados antes da entrada en vigor deste plan poderán seguir desenvolvendo a súa actividade con independencia da súa conformidade co Plan de Ordenación do Litoral.

2. Será o plan urbanístico o que estableza, mediante as ordenanzas correspondentes, os parámetros e condicións para a súa reforma, ampliación ou cambio de uso, se é o caso, coas especialidades establecidas para as áreas de recualificación.

3. As obras ou instalacións existentes en dominio público marítimo-terrestre e servidume de protección á entrada en vigor da Lei de costas observarán o que se establece na disposición transitoria cuarta da citada lei.

Artigo 96º.-Solo urbano consolidado e de núcleo rural.

1. De conformidade co establecido no artigo 3º, o Plan de Ordenación do Litoral non será de aplicación ao solo clasificado como urbano consolidado e de núcleo rural polo planeamento urbanístico vixente á súa entrada en vigor.

2. Tampouco o será naqueles solos que á entrada en vigor deste plan finalizasen a tramitación do instrumento de xestión.

Artigo 97º.-Solo rústico ou solo non urbanizable.

O Plan de Ordenación do Litoral será de aplicación directa e de xeito complementario ao réxime de usos establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. En caso de discrepancia, aplicarase o réxime de protección máis estrito.

Artigo 98º.-Solos urbanos non consolidados e urbanizables delimitados de planeamento xeral adaptado á Lei 9/2002, de Galicia.

Estes solos poderán continuar a súa tramitación conforme os prazos establecidos no planeamento municipal e lexislación urbanística. Poderán adaptarse de xeito voluntario aos criterios, principios e normas xerais establecidos neste documento en función do seu grao de compatibilidade.

Artigo 99º.-Solos urbanos non consolidados e urbanizables de planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, de Galicia.

1. Os ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado que teñan a ordenación detallada, aprobada definitivamente ou contida no plan xeral poderán continuar a súa tramitación conforme os prazos establecidos no planeamento urbanístico ou, en todo caso, durante 3 anos contados a partir da entrada en vigor deste plan.

2. Transcorrido este prazo sen que fose aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución, deberán adaptarse integramente ao establecido neste Plan de Ordenación do Litoral.

3. Os ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable que non contén coa ordenación detallada aprobada definitivamente ou que non a incorpore o planeamento xeral deberán adaptarse a este plan.

4. Nos ámbitos de solo urbano nos que en virtude do establecido na disposición transitoria 1ª da Lei 9/2002, de Galicia, merezan a condición de solo urbano non consolidado, no procedemento da súa delimitación verificarase o cumprimento dos principios, criterios e normas xerais establecidos para os distintos elementos do modelo territorial deste plan.

Artigo 100º.-*Solo urbanizable non delimitado.*

Son aqueles solos que, por tratarse de ámbitos que á entrada en vigor deste plan deben tramitar un plan de sectorización previo ao seu desenvolvemento, foron identificados cunha compatibilidade de grao 4, e deberán adaptarse a este plan conforme o establecido no artigo 102º seguinte.

Artigo 101º.-*Grao de compatibilidade dos solos.*

1. Para os efectos deste plan, os ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado e urbanizable que non se desenvolvesen ou que se atopen en tramitación sen aprobar o correspondente instrumento de equidistribución antes da súa entrada en vigor, caracterízanse en función do seu grao de compatibilidade con el do seguinte xeito:

Grao 1. As súas determinacións son plenamente compatibles coas deste plan e polo tanto poden desenvolverse sen prexuízo do establecido na lexislación ou no planeamento territorial e sectorial de aplicación.

Grao 2. As súas determinacións son adaptables coas deste plan mediante a incorporación dos criterios e normas recollidos no anexo correspondente.

O cumprimento destes criterios e normas verificaranse no seo do procedemento para a adaptación dos solos establecido neste plan.

Grao 3. As súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar a cabo axustes na súa delimitación ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou detallada, para incorporar os principios do Plan de Ordenación do Litoral.

Grao 4. Son aqueles solos aos que lles é aplicable o réxime urbanístico de solo urbanizable non delimitado que non aprobasen o correspondente plan de sectorización, sendo no devandito momento cando se verificará o cumprimento dos principios, criterios e normas xerais establecidos para os distintos elementos do modelo territorial deste plan.

2. O grao de compatibilidade destes solos exprésase no anexo adxunto a esta normativa. A súa adaptación ao POL, cando sexa necesaria, levarase a cabo polo procedemento establecido no artigo seguinte.

3. No caso de solos non mencionados no anexo, pero comprendidos no ámbito do POL ou que poidan resultar incluídos nel por circunstancias sobrevidas, o seu grao de compatibilidade determinarase por resolución da consellería competente, por instancia do concello respectivo ou dos interesados. Procederáse do mesmo modo se por circunstancias sobrevidas acreditadas por informe do concello se detectase algún erro en relación ao estado de execución do planeamento urbanístico.

A súa adaptación ao POL, cando sexa necesaria, levarase a cabo polo procedemento establecido no artigo seguinte.

Artigo 102º.-*Procedemento para a adaptación dos solos.*

1. A adaptación do planeamento urbanístico a este plan poderá levarse a cabo, segundo proceda, mediante a aplicación directa das súas determinacións, mediante a delimitación do ámbito, a modificación puntual que sexa necesaria ou no marco da revisión, respectando, en todo caso, os procedementos establecidos na Lei 9/2002.

2. Os solos afectados pola servidume de protección da Lei de costas deberán adaptarse integramente ao establecido na devandita lei.

3. No procedemento de adaptación ao POL o planeamento poderá, se é o caso, manter o aproveitamento urbanístico, aínda que se alteren as condicións de ordenación, aplicando na xestión os necesarios mecanismos de equidistribución.

4. Ao inicio do procedemento de que se trate, deberase solicitar o informe sectorial do departamento competente en materia de paisaxe sobre o cumprimento das determinacións do POL. Para iso, o concello enviará a documentación suficiente para poder valorar a adecuada integración das determinacións do POL na proposta de ordenación do ámbito á consellería competente na materia, a cal, no prazo de dous meses, emitirá informe vinculante sobre a súa adecuación ao POL. Transcorrido o devandito prazo sen que se emitise o citado informe, entenderase favorable.

5. Do mesmo xeito, e para os efectos establecidos no artigo 99º.2, naqueles solos que á entrada en vigor do POL ostenten AAE favorable, entenderase obtido o informe do apartado anterior.

Disposicións transitorias

Transitoria 1ª.-*Adaptación do planeamento urbanístico xeral.*

1. Prazo para a adaptación.

Os municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, iniciarán a adaptación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal ao Plan de Ordenación do Litoral simultaneamente coa tramitación da súa revisión, ou a través dunha modificación puntual tramitada para ese efecto e, en todo, caso antes de transcorridos tres anos desde a entrada en vigor deste plan.

2. Planeamento xeral en tramitación.

Os plans xerais de ordenación municipal que á entrada en vigor deste Plan de Ordenación do Litoral se atopen en redacción e non alcanzasen a aprobación provisional adaptarán o seu contido ao Plan de Ordenación do Litoral, introducindo as modificacións que fosen pertinentes en todas e cada unha das áreas do Plan de Ordenación do Litoral.

A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás determinacións do Plan de Ordenación do Litoral non implicará, por si soa, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretendan introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación, aspecto que será obxecto de informe polo secretario ou secretaria municipal.

3. Planeamento xeral con aprobación provisional.

Os plans xerais de ordenación municipal que á entrada en vigor deste Plan de Ordenación do Litoral fosen aprobados provisionalmente non necesitarán adaptarse ao Plan de Ordenación do Litoral en canto ás determinacións e criterios da Área de Ordenación Litoral, deberanse adaptar, se é o caso, ás determinacións e criterios establecidos nas áreas de protección ambiental, mellora ambiental e paisaxística e os espazos de interese.

Tras a aprobación definitiva do POL para estes plans xerais de ordenación municipal que contén con aprobación provisional, posto que a memoria ambiental é preceptiva e vinculante dentro do procedemento para a elaboración e aprobación dos plans urbanísticos, emitida con carácter previo á aprobación provisional, será necesario informar a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que ratifique, de ser o caso, a integridade da memoria ambiental emitida e identifique en que puntos debe ser modificada.

Transitoria 2ª.-*Plans e proxectos sectoriais.*

Os plans e proxectos sectoriais vixentes á entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral manterán as súas determinacións sen a necesidade de adaptarse a este.

Disposicións adicionais

Adicional 1ª.-*Guía de intervención nos sistemas praia-duna.*

No prazo de 12 meses desde a aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral, a consellería competente en materia ambiental realizará unha Guía de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna.

Para iso tomaranse como base as directrices e criterios recollidos na Instrución sobre actuacións en praia redactado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. O obxectivo dela é completar e especificar as súas determinacións, favorecendo, deste modo, unha mellor protección e xestión destes espazos.

Adicional 2ª.-*Sendas dos faros.*

No prazo de dous anos tras a entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral, a consellería competente na materia iniciará o plan, ou plans especiais que desenvolvan a Senda dos faros recollida na memoria deste documento.

A Senda dos faros ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, asemade, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados no contorno do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido e tristemente esquecido.

Mediante este percorrido preténdese establecer unha rede de sendeiros claramente delimitados, accesibles e seguros, para o uso e gozo da sociedade.

Adicional 3ª.-*Ence.*

En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.

2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.

3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.

4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírse a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados.

Adicional 4ª.-*Sistema de seguimento.*

1. O sistema de seguimento deste Plan de Ordenación do Litoral será desenvolvido e concretado a partir do sistema de seguimento de sustentabilidade territorial que se elabore para as directrices de ordenación do territorio (DOT), seguindo as orientacións establecidas no informe de sustentabilidade ambiental e considerando as suxestións recibidas no proceso de participación pública e consultas, co obxectivo de completar a ferramenta xa iniciada para emprender unha xestión dinámica do territorio.

2. O sistema de seguimento da sustentabilidade territorial das DOT será desenvolvido por decreto atendendo ao establecido no artigo 10º.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e ao disposto na memoria ambiental do procedemento de avaliación ambiental estratéxica das DOT, emitida por resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do día 1 de decembro de 2010.

3. No prazo máximo dun ano desde a aprobación definitiva do POL, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental, será informada da estrutura final do Plan de Seguimento, que en todo caso atenderá ao exposto ao respecto na memoria ambiental do POL. Unha vez validado, en coordinación coa Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, será informada cunha periodicidade anual da evolución dos resultados.

Adicional 5ª.-*Guía de estudos de impacto e integración paisaxística.*

No prazo de 12 meses desde a aprobación definitiva do Plan de Ordenación do Litoral, a consellería competente en materia ambiental realizará unha Guía para a elaboración dos estudos de impacto e integración paisaxística.

A citada guía conterá, entre outras cuestións, unha descrición detallada dos seus contidos, incorporando, así mesmo, as especificacións detalladas dos seus contidos dentro do marco da avaliación ambiental dos plans e programas.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

En cumprimento dos informes emitidos polos diferentes órganos, incorpóranse á normativa as seguintes disposicións.

DISPOSICIÓN SOBRE AS SERVIDUMES AERONÁUTICAS

1. Os plans urbanísticos ou territoriais que afecten a Zona de Servizo dos Aeroportos da Coruña e Vigo, instalacións de navegación aérea, ou os seus espazos circundantes suxeitos ás servidumes aeronáuticas establecidas ou para establecer, deberán ser remitidos antes da súa aprobación inicial á Dirección Xeral de Aviación Civil para que sexan informados conforme o indicado na disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, acompañados, en caso necesario, de estudo aeronáutico de seguridade, sen que poidan aprobarse definitivamente os plans que non acepten as observacións formuladas polo Ministerio de Fomento, no que afecte as competencias exclusivas do Estado.

2. Igualmente, as construcións, instalacións ou calquera tipo de actuación, incluídos os medios necesarios para a súa construción, como poden ser postes, antenas, aeroxeradores, incluídas as súas pas, guindastres de construción, carteis, torres de vixilancia, liñas de transporte de enerxía eléctrica, etc., aínda que non precisen dun instrumento urbanístico posterior para a súa execución, que se sitúen en terreos afectados polas servidumes aeronáuticas dos aeroportos da Coruña e Vigo requirirán resolución favorable previa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), conforme os artigos 29º e 30º do Decreto sobre servidumes aeronáuticas, e deberán presentarse, en caso necesario, xunto cun estudo aeronáutico de seguridade.

3. En caso de que as limitacións derivadas das servidumes aeronáuticas non permitisen materializar a totalidade dos aproveitamentos fixados polos plans urbanísticos, a dita circunstancia non dará lugar á indemnización por parte do Ministerio de Fomento, nin do xestor aeroportuario nin do prestador dos servizos de navegación aérea.

4. Sempre que as actuacións previstas polo plan ou as construcións que se pretendan desenvolver vulneren as servidumes aeronáuticas dos aeroportos da Coruña e Vigo e, en particular, sempre que se pretenda realizar calquera tipo de actuación en ámbitos nos que o terreo vulnera ou se atopa próximo ás devanditas superficies, así como naqueles ámbitos incluídos total ou parcialmente dentro das zonas de seguridade das instalacións radioelétricas aeronáuticas, considérase que é necesario un estudo aeronáutico de seguridade que acredite, a xuízo da autoridade competente en materia de seguridade operacional aeronáutica, que non se compromete a seguridade nin queda afectada de xeito significativo a regularidade das operacións das aeronaves, que deberá estar asinado por un técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. Calquera emisor radioelétrico ou outro tipo de dispositivo que puidese dar orixe a radiacións electromagnéticas perturbadoras do normal funcionamento das instalacións radioelétricas aeronáuticas nas zonas de servidume delimitadas por estas requirirá da correspondente autorización conforme o previsto no artigo 16º do Decreto 584/1972, de servidumes aeronáuticas.

5. En canto á posible instalación de aeroxeradores ou liñas de transporte de enerxía eléctrica, debido ás súas grandes dimensións deberase asegurar que en ningún caso vulneren as servidumes aeronáuticas dos aeroportos da Coruña e Vigo. O mesmo se debe aplicar para as infraestruturas de telecomunicacións tales como antenas de telefonía, enlaces de microondas e demais estruturas que polo seu funcionamento precisen ser situadas en plataformas elevadas. En relación coa implantación de instalacións cuxa actividade poida supoñer un perigo para as operacións aéreas, cando se presente a solicitude a que se fai referencia nos artigos 28º e 29º do Decreto 584/1972, e co fin de xustificar o disposto no artigo 10º da devandita norma, deberá presentarse acreditación sobre os seguintes aspectos, aos que se fixo referencia anteriormente, en relación coa súa inclusión no documento de planeamento:

-Que todos os vehículos de transporte de residuos sexan de cabina pechada.

-Que todas as operacións de transferencia se realicen en recinto pechado.

-Que en ningún caso se produzan amoreamentos de residuos á intemperie que atraian aves.

-Se se realizan operacións de lavado de cubas de camiós, que as augas residuais sexan tratadas axeitadamente.

-Que se adopten as medidas para minimizar a produción de olores.

-Que as instalacións se manteñan limpas e o seu plan de xestión inclúa previsións de actuación ante accidentes que puidesen ocasionar verteduras de residuos.

6. Os planos das servidumes aeronáuticas dos aeroportos da Coruña e Vigo atópanse recollidos dentro do título VII de anexos.

7. Segundo o artigo 10º do Decreto 584/1972, de servidumes aeronáuticas, o planeamento deberá indicar que as instalacións previstas non emiten fume, po, néboa ou calquera outro fenómeno en niveis que constitúan un risco para as aeronaves que operan nos aeroportos da Coruña e Vigo, incluídas as instalacións que poidan supoñer un refuxio de aves en réxime de liberdade.

OUTRAS DISPOSICIÓNS SOBRE O SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO

En todo caso, o perímetro que delimita a área do Sistema Xeral Aeroportuario será o que figura no correspondente plan director do aeroporto de conformidade coas súas respectivas ordes:

-Orde FOM/2385/2010, do Ministerio de Fomento, do 30 de xuño, pola que se aproba o Plan Director do Aeroporto de Vigo (SOE nº 223, do 14 de setembro). Plan Director do Aeroporto da Coruña aprobado por orde do Ministerio de Fomento do 31 de xullo de 2001 (SOE nº 220, do 13 de setembro).

-Orde FOM/581/2004, do 1 de marzo, pola que se modifica a definición numérica das coordenadas que delimitan a zona de servizo do Aeroporto de A Coruña.

No ámbito do Sistema Xeral Aeroportuario de ambos os aeroportos, os usos admisibles serán exclusivamente os previstos na planificación aeroportuaria e, en xeral, os necesarios para a explotación do aeroporto.

Os plans xerais e demais instrumentos xerais de ordenación urbana cualificarán os aeroportos e a súa zona de servizo como sistema xeral aeroportuario e non poderán incluír determinacións que supoñan interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación aeroportuaria, de conformidade co artigo 8º do Real decreto 2591/1998, do 4 decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166º da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Os plans urbanísticos ou territoriais que desenvolvan o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia ou as construcións que non precisen dun instrumento urbanístico posterior para a súa execución, cando se atopen en ámbitos afectados polas pegadas de ruído incluídas no Plan Director dos Aeroportos da Coruña e Vigo para os escenarios actuais e a configuración de desenvolvemento previsible, deixarán claramente establecida a incompatibilidade de novas edificacións destinadas a usos residenciais ou dotacionais educativos ou sanitarios.

De conformidade co informe da Dirección Xeral de aviación civil do 1 de outubro de 2010, e con res-

pecto absoluto ás competencias exclusivas do Estado en materia aeroportuaria, non se emitirá informe favorable sobre a reclasificación ou, se é o caso, a recualificación que aumente as alturas daquelas zonas en que o terreo vulnere ou se encontre próximo ás cotas da Superficie horizontal interna ou superficie cónica, ás cotas da superficie de aproximación, a superficie de subida en engalaxe e a superficie de aproximación frustrada IIS, ás cotas das superficies de limitación de alturas das instalacións radioeléctricas, que non deben ser superadas en altura por ningún elemento, de acordo co artigo 15º do Decreto 584/1972, de servidumes aeronáuticas modificado por Decreto 2490/1974, ás cotas das superficies de operación das aeronaves, ou ben a altura de construcións, postes, antenas, carterais, etc., vulnere as ditas superficies.

Nas zonas de seguridade das instalacións radioeléctricas para a navegación aérea prohibese calquera construción ou modificación temporal ou permanente da constitución do terreo, da súa superficie ou dos elementos que sobre ela se atopen, sen consentimento previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) de acordo co artigo 15º, epígrafe b), do Decreto 584/1972, de servidumes aeronáuticas modificado por Decreto 2490/1974.

DISPOSICIÓN SOBRE AUGAS

Respectaranse as prescricións establecidas na Lei de augas e Regulamento de dominio público hidráulico, relativas á zona de policía e servidume.

DISPOSICIÓN SOBRE FERROCARRIL

Respectaranse as prescricións establecidas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e o Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, Regulamento do sector ferroviario, especialmente en canto ás limitacións establecidas na zona de dominio público, na zona de protección e na liña límite de edificación, así como as modificacións a elas referidas na Orde FOM 2230/2005, e no Real decreto 354/2006, do 29 de marzo.

DISPOSICIÓN SOBRE COSTAS

As disposicións contidas neste documento deben verse no contexto da lexislación estatal de costas, que é de directa aplicación na medida en que implique un réxime máis restritivo que o previsto no POL. En concreto:

Calquera actuación que se formule en dominio público marítimo-terrestre deberá contar co correspondente título habilitante e as que se formulen na zona de servidume de protección, coa autorización da comunidade autónoma.

Deberán respectarse as limitacións establecidas pola Lei de costas para a protección do dominio público marítimo-terrestre e dos terreos contiguos á ribeira do mar tal como dispón o título II da mencionada Lei de costas.

As obras ou instalacións existentes en dominio público marítimo-terrestre e servidume de protección á entrada en vigor da Lei de costas observarán o que establece a disposición transitoria cuarta da citada lei.

Estarase ao disposto nos artigos 33º e 34º en relación á regulación das praias e, para as obras de rexeneración e recuperación, haberá que aterse ao disposto no artigo 111º da mencionada lei. No relativo ao réxime de utilización das praias observaranse, ademais do disposto no artigo 33º da Lei de costas, os artigos 64º, 65º, 66º, 67º, 68º, 69º e 70º do regulamento que desenvolve a lei.

Os accesos ao mar deberán axustarse ao disposto no artigo 28º da Lei de costas, e a servidume de tránsito deberá quedar permanentemente expedita segundo o disposto no artigo 27º da Lei de costas.

Para a autorización de novos usos e construcións na zona de servidume de protección, deberase ter en conta o establecido na disposición transitoria terceira, e para as obras e instalacións existentes en dominio público marítimo-terrestre e servidume, o establecido na disposición transitoria cuarta.

En caso de pretender a construción de novos usos ou edificacións na zona de servidume de protección, deberase ter en conta o que establece a disposición transitoria terceira 3.2ª da Lei de costas:

1. Cando se trate de usos e construcións non prohibidas no artigo 25º da lei e reúnan os requisitos establecidos na súa epígrafe 2, haberá que aterse ao réxime xeral nela establecido e ás determinacións do planeamento urbanístico.

2. Cando se trate de edificacións destinadas a residencia ou habitación, ou daqueloutras que, por non cumprir as condicións establecidas no artigo 25º.2 da lei, non poidan ser autorizadas con carácter ordinario, só poderán outorgarse autorizacións de forma excepcional, logo de aprobación de Plan Xeral de Ordenación, normas subsidiarias ou outro instrumento urbanístico específico nos que se conteña unha xustificación expresa do cumprimento de todos e cada un dos seguintes requisitos indispensables para o citado outorgamento:

a. Que coas edificacións propostas se logre a homoxeneización urbanística do tramo de fachada marítima a que pertencen.

b. Que exista un conxunto de edificacións, situadas a distancia inferior a 20 metros desde o límite interior da ribeira do mar, que manteña o aliñamento preestablecido polo planeamento urbanístico.

c. Que na ordenación urbanística da zona se dean as condicións precisas de tolerancia das edificacións que se pretendan levar a cabo.

d. Que se trate de edificación pechada, de forma que tanto as edificacións existentes como as que poidan ser obxecto de autorización queden pegadas lateralmente ás contiguas.

e. Que o aliñamento dos novos edificios se axuste ao dos existentes.

f. Que a lonxitude das fachadas dos soares, edificados ou non, sobre os que se deba actuar para o logro da pretendida homoxeneidade, non supere o 25% da lonxitude total de fachada do tramo correspondente.

O largo da servidume de protección de costas axustarase en todos os seus termos ás determinacións da Lei de costas, en concreto ao que establece a disposición transitoria 3ª.1 da devandita lei.

DETERMINACIÓNS DA MEMORIA AMBIENTAL

1. Os instrumentos de ordenación do territorio que se aproben ao amparo da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, os plans urbanísticos regulados na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluídas as súas modificacións, así como outros plans previstos na lexislación sectorial non incluídos nos precedentes que se encontren ou poidan afectar o ámbito do POL, axustarase aos obxectivos, criterios e procesos previstos neste.

2. Os instrumentos de ordenación territorial que se tramiten dentro do ámbito do POL tras a súa aprobación definitiva incluírán dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, a través do informe de sustentabilidade ambiental, as medidas para a súa articulación coas determinacións do POL, debendo establecerse mecanismos que garantan a coherencia sucesiva e transversal. A análise de compatibilidade estratéxica (ACE) preséntase como un instrumento adecuado para este fin.

3. A consellería competente en materia de ordenación do territorio informará sobre os plans e programas promovidos por unha administración pública que incidan sobre o ámbito litoral galego. En concreto, sobre a coherencia dos plans urbanísticos, regulados na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e os instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, ou nas normas que as substitúan. En concreto, analizarase:

-A coherencia de clasificación e cualificación do solo establecida polos plans co modelo territorial

previsto no POL, en relación coas distintas áreas continuas e descontinuas identificadas.

-A integración dos criterios xerais definidos polo POL nas estratexias e determinacións expostas polos ditos plans en relación ao patrimonio natural e cultural, sociedade e economía, mobilidade, enerxía, cambio climático, atmosfera, ciclo hídrico, ciclos de materiais, solo, turismo, recursos xeolóxicos e prevención de riscos.

-A adecuación dos desenvolvementos urbanísticos ao modelo previsto.

-O tratamento das praias (residuos, instalacións e servizos, etc.) e o seu contorno (aparcadoiros, conexión cos asentamentos máis próximos).

-O tratamento das sendas a través do correspondente estudo de impacto e integración paisaxística.

4. A información recollida no punto anterior incorporarase a través do procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Nos plans e programas non sometidos a avaliación ambiental estratéxica seguirase o especificado na normativa do POL.

5. No caso de usos e actividades identificados como compatibles nos solos clasificados polo planeamento como rústicos, realizarase por parte do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe o informe establecido no artigo 51º deste plan, que valorará, en cada caso, as circunstancias que xustifiquen a súa implantación, coas cautelas que procedan, en atención ás particularidades de cada área do plan.

6. O programa coordinado de actuación, que desenvolva as actuacións previstas no POL incluírá un estudo económico das actuacións, incluíndo as medidas dirixidas a previr, reducir ou paliar os efectos negativos do programa. Valorarase a súa inclusión no seo do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Estas determinacións do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia estarán publicadas igualmente na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.cmati.xunta.es>). Igualmente, estarán a disposición dos interesados tanto nas dependencias da Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe e da Secretaría Xeral Técnica desta consellería, en Santiago de Compostela, nos edificios administrativos de San Lázaro e San Caetano, respectivamente, e nas xefaturas territoriais desta consellería na Coruña (praza Luís Seoane, s/n, 15008 A Coruña), Lugo (rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo) e Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra) e na Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo (rúa Concepción Arenal, 8, 36201 Vigo).